



Orzamento da Universidade de Santiago

2015

Aprobado na sesión do Consello Social do 22 de decembro de 2014

Índice

INTRODUCIÓN	3
ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS.....	5
RESUMO XERAL.....	5
ORZAMENTO DE INGRESOS	6
<i>INGRESOS NON AFECTADOS.....</i>	6
<i>INGRESOS AFECTADOS.....</i>	9
ORZAMENTO DE GASTOS.....	10
<i>GASTOS NON AFECTADOS.....</i>	10
<i>GASTOS AFECTADOS.....</i>	14
CADROS EXPLICATIVOS	16
Cadro I.- Distribución do gasto non afectado nos capítulos II, IV e VI	17
Cadro II.- Distribución do crédito non afectado do capítulo II para atender gastos en bens correntes e servizos	18
CADRO III. Relación de contratos vixentes de subministracións e servizos	21
CADRO IV. Detalle do crédito non afectado de transferencias correntes.....	27
CADRO V. Crédito non afectado para investimentos.....	29
AUTORIZACIÓN DE OPERACIÓN S DE DÉBEDA	32
ORZAMENTO 2015	36
CLASIFICACIÓN ECONÓMICA	37
NORMAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO	37
ORZAMENTO DE INGRESOS	54
ORZAMENTO DE GASTOS.....	57
ANEXOS	74
ANEXO I. CENTROS DOCENTES: CRÉDITOS INICIAIS.....	75
ANEXO II. PORCENTAXES CUSTES INDIRECTOS.....	77
ANEXO III. ACTUALIZACIÓN TARIFAS SERVIZOS UNIVERSITARIOS 2015.....	79
ANEXO IV. PERSOAL	118

INTRODUCIÓN

O orzamento da USC para 2015 presenta tres trazos singulares e excepcionais, que son os seguintes:

- 1.- É o primeiro orzamento aprobado dende 2011. Que unha institución como a nosa universidade non fose quen de aprobar orzamentos en tres exercicios consecutivos amosa unha evidente eiva na súa gobernanza e, dende o punto de vista meramente técnico, racha a continuidade da xestión económico-financeira, polo que a elaboración deste orzamento obriga a unha reformulación de todas as políticas de gasto e da avaliación de ingresos case ao modo dun orzamento en base cero, sobre o que asentar unha xestión transparente e reflexiva.
- 2.- É o último orzamento no que se aplique o actual Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego (PFSUG), que abarcou o periodo 2011-2015. No orzamento de 2011 a USC fixo un prognóstico sobre a prexudicial configuración dos criterios de reparto e de estruturación dese plan para a nosa universidade, prognósticos que se confirmaron. Non é este o momento de levar adiante a análise das consecuencias do PFSUG para o financiamento da USC no periodo da súa vixencia, pero si é posible afirmar que, con independencia da diminución global de financiamento do Sistema Universitario Galego, a perda de peso relativo da nosa universidade no reparto dos recursos, en principio derivada dunha asignación dos fondos en base a resultados, foi significativa e non coerente co desempeño realmente conseguido. Tal circunstancia debería ser corrixida no novo Plan de financiamento do SUG para o periodo 2016-2020, que se está comezando a discutir.
- 3.- Como consecuencia conxunta das eivas internas de gobernanza e das do financiamento no periodo 2011-2014, o orzamento de 2015 debe executar as previsións dun Plan Económico Financeiro de Reequilibrio, conformado de acordo coas determinacións do Plan de Financiamento como Plan de Sustentabilidade para o periodo 2014-2015. Tal Plan de Reequilibrio é o segundo que a Universidade debe aprobar en dez anos (o primeiro data de 2004), e condiciona de xeito determinante a política orzamentaria do exercicio. O Plan, que responde á circunstancia coñecida dun déficit de 9 millóns de Euros en 2013 e que se verá incrementado con arredor de 7 millóns más en 2014, esixe grandes aforros nos gastos correntes, específicamente nos de persoal, para asegurar que un refinaciamento da débeda bancaria, que abre dous anos de carencia na devolución das amortizacións, as permita abordar con solvencia a partir de 2017. O Plan, que se xunta como anexo a este orzamento, foi presentado perante a Xunta de Galicia no prazo establecido, do 30 de setembro previa aprobación do Consello Social o día 22 de Setembro e coñecemento do Consello de Goberno do día 29 de Setembro, e ratificación polo Claustro na súa sesión de 18 de novembro; o plan incorporou correccións na documentación derivadas de suxestións técnicas e axustes de contabilidade nacional do último exercicio pechado (o de 2013) comunicadas pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, as cales foron incorporadas pola Universidade ao texto o 5 de novembro. Finalmente, a Xunta aprobou de forma definitiva o Plan o 26 de novembro, mediante acordo da Conselleira de Facenda que se xunta como anexo a este orzamento.

Dos trazos que se acaban de salientar, este orzamento incorpora grandes modificacóns no sistema de formulación e xestión orzamentaria, así como na conformación do propio documento, co obxectivo de facilitar a toma de decisión dos órganos de goberno da institución e o seguimento das actuacións programadas.

No que atinxo ás melloras técnicas introducidas, estas resúmense nos seguintes elementos:

1.- Separación de ingresos e gastos afectados e non afectados tanto para a formulación como para a xestión orzamentaria. Esta é unha das medidas incluidas no Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio, é ten gran importancia para asegurar unha xestión rigorosa, informada e solvente da actividade da USC. Como sabemos, a nosa Universidade ten unha capacidade relevante para a captación de recursos externos e afectados para o desenvolvemento de actividades de formación, investigación, desenvolvemento e innovación. As derivacións dese importante volumen de recursos sobre os dispoñibles para a xestión ordinaria ou estrutural son unha gran oportunidade (contribúen a incrementar o financiamento básico dispoñible) pero tamén formulan dificultades ou desafíos que deben ser assumidos con plena responsabilidade e unha acaída información. Por exemplo, as consecuencias de contratacións de persoal que desenvolven funcións que, en resolucións xudiciais, poden considerarse estruturais ou permanentes; o financiamento complementario de investimentos co recurso ao endebedamento por parte da institución; os requirimentos de devolución de subvencións recibidas por xustificación insuficiente dos gastos; os gastos financeiros asociados a esas devolucións; todas estas incidencias deben ter unha resposta de xestión que clarifique as fontes de financiamento para abordalas e os instrumentos para facelo.

2.- Ao fío dessa primeira reflexión, o orzamento incorpora novedades na xestión orzamentaria de I+D, como son a:

-Posibilidade de crear programas institucionais de I+D+i, que se diferencien das actividades singulares, que actualmente son o único formato de xestión existente, e que, mediante acordos explícitos do Consello de Goberno e do Consello Social establezan bases más solventes para facilitar o desenvolvemento da Investigación na USC compatible co maior grao de seguridade xurídica e financeira requirida para unha boa xestión económico-financeira, e a

-Creación dun fondo de imprevistos para atender as derivacións das actividades finanziadas con recursos afectados, o cal se financiará cun 1% dos ingresos obtidos polas mesmas e, no seu caso, da aplicación de remanentes orixinados neses recursos.

3.- As bases de execución incorporan unha normativa, que clarifica a xestión dos remanentes que se produzán a partir do exercicio de 2015, co obxecto de adecuar, no posible, a nosa xestión ás esixencias da contabilidade nacional e, ao mesmo tempo, permitir unha actuación máis eficiente sobre os recursos dispoñibles coa intención de reasignalos, mediante unha normativa e unha actuación das Vicerreitorías

responsables, ás prioridades que o desenvolvemento das funcións docentes e investigadoras da USC esixan, así como á cobertura das incidencias derivadas da xestión dos programas financiados con recursos afectados.

4.- Incorporar ao corpo normativo propio o establecido no artigo 28 da Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia en canto á modificación das RPTs para executar sentencias xudiciais firmes de recoñecemento dunha relación laboral de carácter indefinido non fixo que requiran a creación de postos de traballo por non poder adscribir aos afectados a un posto preexistente que estea vacante sen ocupación, así como á necesidade de, tras adscribir provisoriamente a el á persoa afectada pola sentenza, proceder seguidamente á súa cobertura mediante os sistemas de selección e provisión legalmente establecidos. Esta especificación normativa evitará a cronificación de situacóns de persoas con sentenzas xudiciais pendentes de executar de forma correcta.

5.- Como adianto á formulación dun Plan de mellora de ingresos, incoporado como unha das medidas do Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio, o orzamento prevé unha modificación da normativa sobre repercusión de custes indirectos a todas as actividades actualmente exentas e unha elevación ao 15% do mínimo repercutido.

6.- Finalmente, as decisións sobre os gastos orzamentarios formúlanse cunha metodoloxía transparente para permitir asentalas sobre bases explícitas e non meramente iniciais.

ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS

RESUMO XERAL

O orzamento da USC para 2015 resúmese nestas cifras:

INGRESOS
(miles de Euros)

Capítulo	Afectados Brutos.	Afectados Netos.	Non afectados	TOTAL
III	9.465,5	7.901	24.769,1	32.670,1
IV	0	0	131.310,1	131.310,1
V	0	0	120	120
VI	0	0	0	0
VII	25.527,45	23.118,24	11.738,21	34.856,45
TOTAL	34.992,95	31.019,24	167.937,41	198.956,65

GASTOS
(miles de Euros)

Capítulo	Afectados	Non afectados	TOTAL
I	0	137.673,52	137.673,52
II	1.440	23.413	24.853
III	0	794,37	794,37
IV	0	1.884,6	1.884,6
VI	28.410,95	3.302	31.712,95
IX	1.168,29	802,9	1.971,19
TOTAL	31.019,24	167.870,39	198.889,63

O resultado orzamentario, de acordo coas previsións establecidas no Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio, é positivo en **67,02 miles de Euros**. Aos efectos de presentar en equilibrio o orzamento, tal cantidade engádese á prevista no Capítulo III.

Con respecto ao último orzamento aprobado (2011) –cuxos ingresos e gastos cifráronse en 228.843,96 miles de Euros- a diminución de ingresos é de **29.887,31** e a de gastos de **29.954,33 miles de Euros** (un 13,06% e un 13,09% respectivamente).

ORZAMENTO DE INGRESOS

No que atinxo ao orzamento de ingresos, cómpre establecer a seguinte agregación e realizar as seguintes precisóns.

INGRESOS NON AFECTADOS

TOTAL	167.937,41
Operacións Correntes	156.199,2
-Capítulo III	24.769,1
-Capítulo IV	131.310,1
-Capítulo V	120
Operacións de Capital	11.738,21
-Capítulo VII	11.738,21
Operacións financeiras	0

Nota: as unidades están en miles de euros

CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS

Os conceptos de ingreso e as súas contías neste capítulo son as seguintes:

Prezos Públcos de Matrícula, cun importe de **19.140 miles de Euros**, que supón unha pequena redución respecto ao estimado en 2014, que non se vai acadar –estímase un menor ingreso de 250 mil Euros- partindo da hipótese de que non se varían os prezos e a súa estrutura, e de que se mantén estable o número de alumnos así como a taxa de incremento

dos alumnos de primeiro. Tal estimación permite supoñer unha recuperación de ingresos de ata 190 mil Euros.

Dentro da citada cantidade inclúense os ingresos de matrícula da titulación de Criminoloxía, estimada en 236 mil Euros, e que vai dar lugar á necesidade de orzamentar os gastos indispensables para a impartición do título no Capítulo II.

O mesmo sucede cos ingresos por **matrículas de IV CICLO**, que figuran separadamente no orzamento, cunha estimación de **25 mil Euros**, e que esixen a orzamentación correspondente en gastos.

No orzamento están incorporados os **Prezos por servizos do Centro de Lingua Modernas (400 mil Euros)**, os da **Escola Infantil Breogán (130 mil)**, os de uso das **instalacións deportivas (630 mil euros)**, e os de visitas ao **Museo de Historia Natural (60 mil euros)**, os cales financian parcialmente os gastos orzamentados con recursos non afectados.

Mención especial merece a estimación de ingresos dos **Dereitos de Aloacemento no Servizo Universitario de Residencias**. O importe incorporado no orzamento de ingresos, que é de **2.246,6 miles de Euros** medra respecto ás estimacións incorporadas ao Plan Económico Financeiro de Reequilibrio en **566,6 mil Euros** co obxecto de dar un tratamento orzamentario correcto ás Bolsas de Comedor do SUR, que ata o momento se formulaban como unha compensación de ingresos sen reflexo orzamentario. Dende 2015 tales bolsas compútanse como axudas, no Capítulo IV de gastos, por un importe equivalente ao incremento de ingresos, incorporados ao Capítulo III. Como se sabe, as bolsas de comedor teñen por finalidade aportar aos titulares da bolsa de estudos do Ministerio de Educación recursos equivalentes aos que necesitan para satisfacer parte da diferencia entre o prezo da cota de residencia fixada no SUR e a cantidade recibida por ese concepto do MEC.

Outras partidas de especial relevancia nese capítulo de ingresos son os **custes indirectos** obtidos dos ingresos afectados por **cursos de posgrao e servizos prestados por investigación**, que se estiman en **180 mil** (un 11,11%) e **1.384,5 mil Euros** (un 17,65%), respectivamente.

Como **compensación polos consumos** que os **concesionarios** de servizos realizan de subministracións (auga, enerxía) incluidas no gasto abonado pola USC, orzaméntanse **320 mil Euros**.

Por último, nese capítulo inclúense partidas de menor importe que completan a estimación total, que son, en concreto, os dereitos de inscrición en **oposicións e concursos, 32 mil Euros**; as vendas de **publicacións propias, 21 mil Euros**; as vendas de **enerxía eléctrica** excedente dos equipos de coxeneración, **175 mil Euros**, e o reintegro polos adxudicatarios dos costes de **anuncios de contratación administrativa** (que dan lugar a un gasto en comunicación e información financiado no capítulo II), por **25 mil Euros**.

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

As partidas más relevantes deste Capítulo correspóndense co financiamento corrente, por parte da Xunta, derivado do Plan de Financiamento do SUG.

Os fondos non afectados que se perciben neste capítulo son os correspondentes ao **financiamento estructural**, na súa parte fixa e variable, cunha cantidade estimada de **110.400 mil Euros**, o destinado ao mantemento do **Consello Social**, por importe de **200 mil Euros**, a destinada a compensar **variación interanual de custes específicos** (sexenios, matrícula e complementos retributivos autonómicos), cunha estimación de **594,1 mil Euros**, os complementos das **prazas vinculadas** aos servizos hospitalarios do **SERGAS**, por importe de **3.900 mil Euros**, os recursos derivados do programa de **estabilización de persoal investigador**, cunha estimación de **584 mil Euros** e, finalmente, a cantidade correspondente ao denominado "**Contrato Programa**", convertido, realmente, nun instrumento de reparto por resultados no que se introduce a distorsión no cálculo á que se fixo referencia no punto da introdución relativo ao Plan de Financiamento, cun importe de **13.832 mil Euros**, lixeiramente superior ao percibido en 2014 e que, dado que os resultados da USC melloraron, aos efectos do cálculo en 2015 pode incrementarse compensando así a diminución que se vai producir no financiamento por mellora da calidade, imputado ao Capítulo VII, e que, en realidade, é un reparto por cumprimento da estabilidade orzamentaria.

Ese conxunto de fondos, acada un importe de **129.510,1 mil Euros**.

O resto dos ingresos do Capítulo correspóndense coa subvención do convenio entre a USC e o Banco de Santander, que acada un importe de **1.800 mil Euros**.

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Neste capítulo recóllense as estimacións de ingresos derivados dos xuros a favor da USC polos seus saldos de activo en contas bancarias, que se estiman en **30 mil Euros**, e os correspondentes a canons de concesións administrativas, estimados en **90 mil Euros**.

CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE BENS INMOBLES

Malia que a USC vai proceder a levar adiante o expediente de alleamento do inmoble denominado "Hospital de Galeras" mediante subasta na que o tipo mínimo está fixado en **7.500 mil euros**, non se fai ningunha estimación no orzamento de ingresos dada a incerteza da situación do mercado e a natureza extraordinaria do ingreso que, de se producir, deberá dar lugar a unha decisión explícita para aplícalo ás finalidades de gasto que se consideren oportunas por parte dos órganos de goberno correspondentes.

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Neste capítulo orzaméntanse, esencialmente, dous tipos de ingreso:

-Os custes indirectos derivados da actividade de I+D+i consistente na execución de proxectos competitivos procedentes da Xunta, do Fondo de Investigacións Sanitarias, e doutros entes Estatais así como da Unión Europea, e dos convenios suscritos con as institucións antes sinaladas e con corporacións locais e institucións sen fin de lucro para accións de infraestructura, que se estiman en **2.409,2 mil Euros**, supoñendo un **9,89%** dos ingresos afectados totais brutos por eses conceptos (24.359,16 mil Euros). A menor porcentaxe de custe indirecto que implica esta estimación sobre a producida nas actividades consideradas no Capítulo III débese ao feito de que moitas das aportacións recibidas como transferencia de

capital comportan importantes restricións nas convocatorias ou nos acordos á hora de poder imputar custes indirectos.

-As subvencións non condicionadas que se perciben do Plan de Financiamento do SUG como transferencias de capital, con independencia da finalidade á que van dirixidas. En concreto, a USC percibe **1.971 mil Euros** do PFSUG para financiar actuacións de investimento de **Reparación, Ampliación e Mellora** de infraestrutura, existindo, xa que logo, correspondencia entre a natureza do ingreso e do gasto. Pola contra, recíbense aportacións de dous fondos, o de Calidade (que, como xa se indicou, asígnase en base ao cumprimento de obxectivos de estabilidade orzamentaria), e o de financiamento estrutural para a compensación de custes da normativa estatal e autonómica, que non esixen correspondencia con operacións de capital en gasto. O **fondo de calidade** estímase para 2015 en **6.930 mil Euros**, cantidade inicialmente considerada en 2014 pero que non se vai obter debido á situación de déficit orzamentario producida no exercicio de 2013 e que tamén será difícil de obter en 2015 debido ó déficit que tamén se producirá en 2014. En calquera caso, óptase por manter esta cuantificación xa que a 8 de decembro aínda non se coñece a cantidade a percibir realmente en 2014 e dado que a mellora de resultados acadada pola USC nos datos aportados para o cálculo do contrato programa correspondente a 2015 quizais equilibren a diminución que se poida producir neste fondo. Neste sentido, cómpre salientar que a Consellería de Facenda, na resolución de aprobación do Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio considerou que no seu conxunto as contías estimadas nos ingresos do Plan teñen encaixe cos escenarios orzamentarios previstos pola Comunidade Autónoma, malia facer mención expresa ao feito de que o fondo de calidade pode diferir e resultar inferior á cantidade estimada pola USC.

Pola súa parte, o fondo de **compensación de custes** por normativas estatais e autonómicas ten unha contía certa de **428 mil Euros**.

INGRESOS AFECTADOS

TOTAL	31.019,24
Operacións Correntes	7.901
-Capítulo III	7.901
-Capítulo IV	0
Operacións de Capital	23.118,24
-Capítulo VII	23.118,24

Nota: as unidades están en miles de euros

CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS

Como xa se sinalou ao falar dos ingresos non afectados, nos ingresos afectados deste capítulo compútanse as contías netas (é dicir, os ingresos brutos menos os custes indirectos) dos ingresos por **Cursos de Posgrao**, que acadan **1.440 mil euros** (1.620 mil Euros de ingresos brutos menos 180 mil Euros de custes indirectos), e dos ingresos por **servizos prestados**

por I+D+i, que acadan **6.461 mil Euros** (7.845,5 mil Euros de ingresos brutos menos 1.384,5 Euros de custes indirectos.

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.

Coa mesma lóxica, neste capítulo recóllese os ingresos netos do financiamento da I+D+i captada de institucións públicas e privadas para proxectos e infraestruturas, que se estiman en **21.949,95 mil Euros** (24.359,16 mil Euros brutos menos 2.409,21 mil euros de custes indirectos) e o financiamento da Consellería de Educación da devolución de anticipos reembolsables por importe de **1.168,29 mil Euros**.

ORZAMENTO DE GASTOS

Para informar de xeito preciso sobre os gastos, cómpre, ademáis de diferenciar entre os afectados e os non afectados, diferenciar nestes últimos os relativos ao Capítulo I, polas súas especificidades e por concentrar gran parte dos esforzos derivados do reequilibrio orzamentario da institución, así como os do Capítulo III e IX, condicionados polas operacións de refinanciamento e aprazamento da débeda a longo prazo da institución que son tamén parte esencial da estratexia de reequilibrio, cos relativos aos Capítulos II, IV e VI, nos cales se concretan as decisións orzamentarias máis dispoñibles e que, no Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio manteñen as contías que se prevén liquidar en 2014.

GASTOS NON AFECTADOS

TOTAL	167.870,39
Operacións Correntes	163.765,49
-Capítulo I	137.673,52
-Capítulo II	23.413
-Capítulo III	794,37
-Capítulo IV	1.884,6
Operacións de Capital	3.302
-Capítulo VI	3.302
Operacións financeiras	802,9
-Capítulo IX	802,9

Nota: as unidades están en miles de euros

Como xa se sinalou, o saldo positivo entre ingresos e gastos, por importe de 67,02 miles de Euros, agrégase ao Capítulo III para presentar o orzamento en equilibrio. Así, o citado capítulo ten un importe de 861,39 miles de Euros, o orzamento total de gastos non afectados, 167.937,41 miles de Euros, e o orzamento total, 197.788,36 miles de Euros.

CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL

Os gastos de persoal son parte esencial da estratexia de reequilibrio orzamentario. No Plan Económico-Financeiro de reequilibrio, partiuse dunha cifra a liquidar en 2014, calculada sobre os datos dispoñibles no mes de setembro (a presentación do plan tiña que realizarse o día 30 dese mes). A cantidade que se estimaba nese momento para pechar o exercicio era de 139.880 mil Euros. Non obstante, dende ese momento comezáronse a adoptar medidas de axuste que anticiparan o esforzo de redución que se ía esixir no plan de cara ao exercicio 2015, en que o importe total do Capítulo debe acadar a contía de 137.673 mil Euros.

Dada a relevancia, cuantitativa e cualitativa, dos gastos de persoal na estrutura e na actividade da Universidade, vaise explicar polo miúdo o xeito de proceder para chegar ao orzamento inicial esixido no Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio.

A cantidade de partida para facer os cálculos, como xa se sinalou, é a estimada para 2014 no Plan: **139.880 mil Euros**. De tal cantidade cómpre descontar o importe, en valor anual, das xubilacións forzosas de funcionarios PAS polo seu custe completo e o do 90% das de funcionarios PDI que, tal e como se recolle nos documentos do Plan Económico-financeiro de reequilibrio, supoñen 254,77 mil e 1.843,6 mil Euros, respectivamente, e un total de **2.098,38 mil Euros**. Con esta redución, o importe do Capítulo I en 2015 pasaría a ser de **137.781,68 mil Euros**, dentro dos cales está computado o 10% do custe das prazas de PDI funcionario xubilado computado no Plan de reequilibrio, que supón 204,84 mil Euros, e o das xubilacións voluntarias adicionais non computadas inicialmente, por un importe de 75,268 mil Euros.

Ao citado importe cómpre engadir, para calcular de xeito correcto o gasto de 2015, as **derivas anuais**, que supoñen **1.579,96 mil Euros**. Sumando as citadas contías, obtemos o importe base sobre o que é necesario concretar os esforzos adicionais para acadar o límite fixado para o Capítulo I no Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio. Así, debemos partir da suma de **137.781,68 + 1.579,96 mil Euros**, o que totaliza **139.361,6 mil Euros**, e o aforro adicional necesario para o gasto de 2015 é de **1.688,08 mil Euros**.

Tal aforro obtense por dúas orixes:

- Os axustes adicionais aos previstos no Plan xa realizados en 2014, que son os seguintes:

(miles de Euros)

Xubilacións voluntarias de PAS non computadas	226,40
Axustes de persoal de i+D imputados ao Capítulo I	640,47
Non renovación Aula de Productos Lácteos	201,05
Aula de Productos Lácteos financiados Capítulo VI	264,09
Non renovación Banco de Osos e Tecidos Musculoesquel.	152,87
Non renovación Arquivo Universitario	22,45
TOTAL	866,87

b) Os axustes a incorporar en 2015, que son os seguintes

Xubilacións forzosas de funcionarios PAS	145,41
Xubilacións forzosas de funcionarios PDI (90%)	354,41
Financiación co capítulo VI persoal de I+D (Estac. Biolx.)	103,15
Xubilacións parciais de PAS (amortización de prazas)	151,79
Redución en 15 da estrutura de departamentos e institutos	72,2
Xubilacións voluntarias de persoal	0
TOTAL	827,0

Neste caso, os valores están calculados sobre o aforro efectivamente producido no ejercicio, non polo coste consolidado, como sucede no cálculo dos axustes traídos de 2014. No caso da redución da estrutura departamental, o cálculo é que o aforro se produza polo valor de 3 trimestres.

AXUSTE TOTAL EN 2015	1.693,87
-----------------------------	-----------------

Con estes axustes, o **Capítulo I** en 2015 permite:

1.- Financiar as prazas de RPT de PDI e PAS ocupadas ou afectadas por procesos selectivos de provisión. Neste sentido, os anexos de persoal conteñen as prazas financiadas a 1 de Xaneiro de 2015, debendo procederse, ao longo do exercicio, a amortizar as que resulten dos procesos de xubilación segundo o establecido no Plan de Reequilibrio.

2.- Dotar unha partida de **437.625,75 Euros para prazas de PDI** en base ao 10% do custe das prazas de xubilacións forzosas de PDI funcionario producidas en 2014 e 2015, e ao das xubilacións voluntarias de 2014.

3.- Financiar as prazas de persoal, afectado por sentencias xudiciais de recoñecemento dunha relación laboral de carácter indefinido non fixo que requiren a creación de postos de traballo por non se poder adscribir os afectados a un posto preexistente que estea vacante sen ocupación (potencialmente, 13 prazas).

4.- Dotar unha partida de **20.000 mil Euros** para realizar axustes nas RPTs de PAS, funcionario e laboral.

Por último, no que atinxe á recuperación da paga extraordinaria e adiconal de decembro de 2012 e a outras posibles decisións adoptadas pola Xunta en relación co persoal ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma, o orzamento non fai previsión cuantitativa algúns, ao se remitir ás decisións que arbitre a Xunta para dotar orzamentariamente as partidas correspondentes ás universidades do SUG.

CAPÍTULO III. GASTOS FINANCIEROS

Ten un importe de **794.376,79 Euros**, necesario para financiar os custos das operacións de renegociación da débeda bancaria, e do aprazamento dos anticipos reintegrables segundo o establecido no Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio. Neste capítulo orzáméntase a diferencia positiva entre ingresos e gastos totais, por un importe de **67,02 mil Euros**.

CAPÍTULO IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS

Ao non se ter que realizar amortización de débedas bancarias en 2015 tras a renegociación coas entidades e a autorización das operacións resultantes por parte da Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro da Xunta de Galicia –que se xunta como anexo-, o crédito do capítulo está dotado con **802.909 Euros**, necesarios para, xunto co crédito dotado no mesmo capítulo pero con recursos afectados, fazer fronte á devolución dos anticipos reintegrables programada para 2015.

CAPÍTULOS II, IV E VI. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS, TRANSFERENCIAS CORRENTES E INVESTIMENTOS

A análise destes capítulos realiza-se de xeito conxunto para abordar unha aproximación aos mesmos atendendo a tres criterios distintos, co detalle que se inclúe nos cadros anexos:

1.- O grao real de disposición sobre os créditos, para o cal se xunta un cadro agregado que diferencia tres tipos de situación:

- a) A dos créditos con gasto comprometido, nos que non existe marxe real de decisión a corto prazo, por corresponderse con contratos ou compromisos firmes de gasto.
- b) A dos créditos con finalidades comprometidas pero que, na súa aplicación concreta ou mesmo na decisión sobre a súa contía, poden ser modulados ou modificados.
- c) A dos créditos totalmente libres para a adopción de decisión directivas.

2.- As finalidades de gasto de cada capítulo, agrupadas por tipos ou finalidades de gasto e polo criterio exposto no epígrafe anterior. No caso dos gastos relativos a servizos, subministros e TIC, xúntanse a listaxe de contratos en vigor.

3.- A asignación dos créditos ás distintas unidades directivas.

En relación ao indicado no punto primeiro, do total dos recursos dispoñibles nos tres capítulos indicados, que acada a cifra de **28.599,6 miles de Euros**, o 76,49%, 21.875,7 mil Euros son créditos con gastos comprometidos; o 19,66%, 5.623,4 mil Euros, se corresponden con finalidades comprometidas, e o 3,85%, 1.100,4 mil Euros poden aplicarse a decisiones directivas non condicionadas.

No que atinxo ás grandes liñas de gasto, o orzamento, ademáis de manter un nivel básico no financiamento dos servizos universitarios, trata de primar a dotación de recursos descentralizados ou adicados a financiar estruturas e actividades docentes e investigadoras,

así como impulsar, no cadre das limitacións existentes, actuacións de internacionalización e innovación docente.

A estos efectos, cando se definan de xeito preciso programas inicialmente imputados ao Capítulo IV, de se considerar necesario, poderanse realizar transferencias de crédito para o Capítulo II ou o VI se o cumprimento dos obxectivos propostos fan máis acaída a súa xestión en gastos dos citados capítulos.

GASTOS AFECTADOS

TOTAL	31.019,24
Operacións Correntes	1.440
-Capítulo II	1.440
Operacións de Capital	28.410,95
-Capítulo VI	28.410,95
Operacións financeiras	1.168,29
-Capítulo IX	1.168,29

Nota: as unidades están en miles de euros

CAPÍTULO II. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

Os gastos orzamentados neste capítulo, por importe de 1.440 mil Euros, constitúen o fondo para financiar o desenvolvemento do cursos de posgrao da USC.

CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS

A cantidade orzamentada neste capítulo, por importe de 28.410,95 mil Euros, constitúe o fondo para financiar a meirande parte do desenvolvemento das actividades de I+D+i da USC.

Cómpre lembrar que, con cargo a estes recursos, prodúcese un importante volumen de contratación de persoal. En concreto, a día 9 de decembro de 2014, o número de persoal contratado é o seguinte:

Con cargo a proxectos e actividades	575
Con cargo a programas de RRHH	302
TOTAL	877

En relación con parte deste, en concreto co contratado con cargo as Axudas dos Programas de Recursos Humanos, as bases de execución establecen que percibirá, en todo caso, as retribucións mínimas establecidas nas convocatorias, sen que, neses supostos, sexan aplicables reducións retributivas aplicadas por analogía ás experimentadas polo persoal contratado con outros recursos.

CAPÍTULO IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS

O importe orzamentado neste Capítulo, xunto coa cantidade prevista no mesmo capítulo pero financiada con recursos non afectados, permite fazer fronte á devolución dun anticipo reintegrable que, na contía incluída neste epígrafe, é obxecto dunha subvención de capital da Xunta de Galicia para compensar tal pagamento, asociado as operacións de investimento do CIQUS, do CIMUS, dos laboratorios de investigación da Facultade de Ciencias de Lugo, de mellora e extensión da rede de datos da USC, do laboratorio de irradiación, da Plataforma de biotexnoloxía en acuicultura e de adquisición dun equipo de cromatografía líquida/espectrometría de masas para a determinación de biomoléculas e neurotoxinas en matrices biolóxicas

CADROS EXPLICATIVOS

Os cadros explicativos que se detallan a continuación son:

Cadro I.- Distribución do gasto non afectado nos capítulos II, IV e VI

Cadro II.- Distribución do crédito non afectado do capítulo II para atender os gastos en bens correntes e servizos.

Cadro III.- Relación dos contratos vixentes para atender os servizos básicos da USC

Cadro IV.- Detalle do crédito non afectado das transferencias correntes

Cadro V.- Crédito non afectado para investimentos

Cadro VI.- Distribución de créditos do Equipo de Dirección

Cadro I.- Distribución do gasto non afectado nos capítulos II, IV e VI

CAPÍTULO	ORZAMENTO	Gasto comprometido	Finalidade comprometida	Decisión Directiva	TOTAL CONTROL
CAPÍTULO II: GASTOS EN BENS E SERVIZOS	23.413.000,00 €	20.734.139,92 €	2.375.388,72 €	303.471,36 €	23.413.000,00 €
Gastos centralizados	22.383.000,00 €	20.034.139,92 €	2.245.388,72 €	103.471,36 €	22.383.000,00 €
Subministracións, servizos e gastos fixos	18.059.762,00 €	17.911.141,22 €	145.342,42 €	3.278,36 €	18.059.762,00 €
Outros gastos centralizados	807.739,30 €	18.000,00 €	789.739,30 €	- €	807.739,30 €
Servizos e accións de apoio á docencia e á investigación	2.368.185,71 €	1.385.685,71 €	882.307,00 €	100.193,00 €	2.368.185,71 €
Servizos á comunidade universitaria	1.147.312,99 €	719.312,99 €	428.000,00 €	- €	1.147.312,99 €
Gastos descentralizados	1.030.000,00 €	700.000,00 €	130.000,00 €	200.000,00 €	1.030.000,00 €
CAPÍTULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.884.600,00 €	1.032.120,00 €	533.990,00 €	318.490,00 €	1.884.600,00 €
Bolsas e subvencións	343.615,00 €	- €	80.000,00 €	263.615,00 €	343.615,00 €
Bolsas Comedor SUG	566.600,00 €	566.600,00 €	- €	- €	566.600,00 €
Transferencias a servizos universitarios	638.990,00 €	185.000,00 €	453.990,00 €	- €	638.990,00 €
Transferencias a servizos interuniversitarios	280.520,00 €	280.520,00 €	- €	- €	280.520,00 €
Subvencións a institucións e actividades externas	54.875,00 €	- €	- €	54.875,00 €	54.875,00 €
CAPÍTULO VI: INVESTIMENTOS	3.302.000,00 €	109.469,93 €	2.687.030,07 €	505.500,00 €	3.302.000,00 €
Equipamento, reparacións deportes	17.000,00 €	- €	- €	17.000,00 €	17.000,00 €
Moblaxe e equipamento Consello Social	10.000,00 €	- €	10.000,00 €	- €	10.000,00 €
Equipamento docente centros	100.000,00 €	- €	- €	100.000,00 €	100.000,00 €
Renovación WEB institucional USC	40.000,00 €	- €	- €	40.000,00 €	40.000,00 €
Moblaxe e equipamento área TIC	394.000,00 €	109.469,93 €	284.530,07 €	- €	394.000,00 €
Infraestruturas de seguridade	88.500,00 €	- €	- €	88.500,00 €	88.500,00 €
Maquinaria e utilaxe	20.000,00 €	- €	- €	20.000,00 €	20.000,00 €
Equipamento centralizado	40.000,00 €	- €	- €	40.000,00 €	40.000,00 €
Accións de investigación. Reparto a departamentos, institutos...	660.000,00 €	- €	460.000,00 €	200.000,00 €	660.000,00 €
Total de gastos de investimento	1.932.500,00 €	- €	1.932.500,00 €	- €	1.932.500,00 €
TOTAL ORZAMENTOS CAPÍTULOS II, IV E VI	28.599.600,0 €	21.875.729,85 €	5.596.408,79 €	1.127.461,36	28.599.600,00€
%	100	76,49	19,57	3,94	100

Cadro II.- Distribución do crédito non afectado do capítulo II para atender gastos en bens correntes e servizos

CAPÍTULO II: GASTOS EN BENS E SERVIZOS	PROPOSTA ORZAMENTO	GASTO COMPROMETIDO	Finalidade comprometida	DECISIÓN DIRECTIVA
Créditos Centralizados	22.383.000,00 €	20.034.139,92 €	2.245.388,72 €	103.471,36 €
Subministracións, servizos e gastos fixos	18.059.762,00 €	17.911.141,22 €	145.342,42 €	3.278,36 €
Arrendamento equipos transporte e procesos	146.000,00 €	145.446,63 €	- €	553,37 €
Mantemento instalacións e maquinaria	1.070.000,00 €	1.069.681,19 €	- €	318,81 €
Subministros (auga, gas, electricidade, gasoil)	6.722.000,00 €	6.721.221,67 €	- €	778,33 €
Comunicacións	100.000,00 €	77.738,33 €	22.261,67 €	- €
Seguros	146.000,00 €	145.795,96 €	- €	204,04 €
Tributos	509.844,29 €	429.686,42 €	80.157,87 €	- €
Expedición de títulos	104.000,00 €	103.855,32 €	- €	144,68 €
CRUE	12.360,00 €	12.360,00 €	- €	- €
Asesoramentos fiscais e xurídicos	75.000,00 €	32.077,12 €	42.922,88 €	0,00 €
Prevención riscos laborais	218.000,00 €	217.823,22 €	- €	176,78 €
Servizos hixiénicos e tratamiento de residuos	129.000,00 €	128.724,52 €	- €	275,48 €
Mantemento de zonas axardinadas (Lugo)	85.000,00 €	84.252,01 €	- €	747,99 €
Limpeza	7.353.000,00 €	7.352.921,12 €	- €	78,88 €
Seguridade	1.389.557,71 €	1.389.557,71 €	- €	0,00 €
Outros gastos centralizados	807.739,30 €	18.000,00 €	789.739,30 €	- €
Gastos centralizados	350.000,00 €	- €	350.000,00 €	- €
Información e divulgación	100.000,00 €	- €	100.000,00 €	- €
Atencións protocolarias e representativas	30.000,00 €	- €	30.000,00 €	- €
Procesos electorais	20.000,00 €	- €	20.000,00 €	- €
Gastos de locomoción	35.000,00 €	- €	35.000,00 €	- €
Combustible locomoción	5.000,00 €	- €	5.000,00 €	- €
Órganos de goberno	10.000,00 €	- €	10.000,00 €	- €
Servizos técnicos (auditorías calidade, asesoramentos, outros)	100.000,00 €	- €	100.000,00 €	- €
Probas de selección de persoal	50.000,00 €	- €	50.000,00 €	- €
Material	138.000,00 €	18.000,00 €	120.000,00 €	- €
Material de servizos de mantemento	10.000,00 €	- €	10.000,00 €	- €
Fotocopias	10.000,00 €	- €	10.000,00 €	- €
Ordinario non inventariable	80.000,00 €	- €	80.000,00 €	- €
Libros e publicacións	4.000,00 €	- €	4.000,00 €	- €
Encadernacións	1.000,00 €	- €	1.000,00 €	- €
Material informático non inventariable	15.000,00 €	- €	15.000,00 €	- €

CAPÍTULO II: GASTOS EN BENS E SERVIZOS	PROPOSTA ORZAMENTO	GASTO COMPROMETIDO	Finalidade comprometida	DECISIÓN DIRECTIVA
Vestuario de persoal (Epis, conductores, gala)	18.000,00 €	18.000,00 €	- €	- €
Reparación de maquinaria (veículos, equipos)	5.800,00 €	- €	5.800,00 €	- €
Consello Social	111.629,82 €	- €	111.629,82 €	- €
Auditorías contables	70.500,00 €	- €	70.500,00 €	- €
Material Ordinario non inventariable	17.000,00 €	- €	17.000,00 €	- €
Atencións protocolarias e representativas	10.000,00 €	- €	10.000,00 €	- €
Funcionamento órgano	14.129,82 €	- €	14.129,82 €	- €
Teses doutoramento	170.000,00 €	- €	170.000,00 €	- €
Cargos académicos estudiantes	32.309,48 €	- €	32.309,48 €	- €
Servizos e accións de apoio á docencia e á investigación	2.368.185,71 €	1.385.685,71 €	882.307,00 €	100.193,00 €
Biblioteca	742.000,00 €	24.500,00 €	712.807,00 €	4.693,00 €
Mantenemento software Kronosdoc	1.600,00 €	1.600,00 €	- €	- €
Mantenemento Renting RICOH	15.000,00 €	15.000,00 €	- €	- €
Custe fotocopias RICOH CANON	4.000,00 €	4.000,00 €	- €	- €
Suscripción RvM Web Université Laval	1.600,00 €	1.600,00 €	- €	- €
Cuota anual REBIUN CRUE	2.300,00 €	2.300,00 €	- €	- €
Dixitalización	12.000,00 €	- €	12.000,00 €	- €
Encadernación e mantenemento fondos	3.100,00 €	- €	3.100,00 €	- €
Prestamo interbibliotecario	7.107,00 €	- €	7.107,00 €	- €
Material Ordinario non inventariable	13.000,00 €	- €	13.000,00 €	- €
Telefonía	1.300,00 €	- €	1.300,00 €	- €
Correo e portes	6.300,00 €	- €	6.300,00 €	- €
Outros gastos centralizados	4.693,00 €	- €	- €	4.693,00 €
Libros	250.000,00 €	- €	250.000,00 €	- €
Revistas	420.000,00 €	- €	420.000,00 €	- €
BUGalicia	1.200.916,99 €	1.200.916,99 €	- €	- €
RIAIDT Reparación de equipos de investigación (50% custe anual)	135.268,72 €	135.268,72 €	- €	- €
Museo Historia Natural (gastos de funcionamiento)	110.000,00 €	- €	115.000,00 €	5.000,00 €
Arquivo, Est Biolóxicas, CEA, Observatorio, Publicacións, SERVIMAV	40.300,00 €	- €	14.000,00 €	26.300,00 €
Servizo de Relacións Exteriores (gastos de funcionamiento)	14.000,00 €	- €	14.000,00 €	- €
IV Ciclo	25.000,00 €	25.000,00 €	- €	- €
Apoio á docencia de másteres oficiais	36.000,00 €	- €	- €	36.000,00 €
Profesorado Máster de Secundaria	26.500,00 €	- €	26.500,00 €	- €
CLM	5.700,00 €	- €	- €	5.700,00 €
Outros cursos e conferencias	32.500,00 €	- €	- €	32.500,00 €

CAPÍTULO II: GASTOS EN BENS E SERVIZOS	PROPOSTA ORZAMENTO	GASTO COMPROMETIDO	Finalidade comprometida	DECISIÓN DIRECTIVA
Servizos á comunidade universitaria	1.147.312,99 €	719.312,99 €	428.000,00 €	- €
ATIC	719.312,99 €	719.312,99 €	- €	- €
Licencias software	95.070,84 €	95.070,84 €	- €	- €
Mantenimento equipos	261.450,64 €	261.450,64 €	- €	- €
Asistencia técnica	290.291,51 €	290.291,51 €	- €	- €
Material ordinario non inventariable	72.500,00 €	72.500,00 €	- €	- €
Reparación infraestruturas, mantenimento e seguridade	153.000,00 €	- €	153.000,00 €	- €
Reparación e mantemento edificios	80.000,00 €	- €	80.000,00 €	- €
Reparación e mantemento equipos seguridade	73.000,00 €	- €	73.000,00 €	- €
Deportes	100.000,00 €	- €	100.000,00 €	- €
SUR	60.000,00 €	- €	60.000,00 €	- €
Escola Infantil Breogán	18.000,00 €	- €	18.000,00 €	- €
Cultura	35.000,00 €	- €	35.000,00 €	- €
Voluntariado, Igualdade, Desenvolvemento Sostible, Or. Laboral	50.000,00 €	- €	50.000,00 €	- €
Normalización Lingüística	12.000,00 €	- €	12.000,00 €	- €
Créditos descentralizados	1.030.000,00 €	700.000,00 €	130.000,00 €	200.000,00 €
Centros docentes	900.000,00 €	700.000,00 €	- €	200.000,00 €
I. Criminoloxía	80.000,00 €	- €	80.000,00 €	- €
Escola Doutoramento Internacional	10.000,00 €	- €	10.000,00 €	- €
Centro de Posgrao, CETA	30.000,00 €	- €	30.000,00 €	- €
Institutos	10.000,00 €	- €	10.000,00 €	- €
TOTAL CAPÍTULO II	23.413.000,00 €	20.734.139,92 €	2.375.388,72 €	303.471,36 €
Previsión contida no Plan de Equilibrio	23.413.000,00 €			23.413.000,00 €

A RIAIDT debe financiar con recursos afectados o 50% do crédito necesario para financiar o contrato de reparación que é de 270.537,44 €/ano

CREDITOS PARA ADMINISTRACIÓN EQUIPO DE DIRECCIÓN	
Información e divulgación	100.000,00 €
Atencións protocolarias e representativas	30.000,00 €
Gastos de locomoción	35.000,00 €
Servizos técnicos (auditorías calidade, outros)	100.000,00 €
Ordinario non inventariable	80.000,00 €
Libros e publicacións	4.000,00 €
Material informático non inventariable	15.000,00 €
TOTAL	364.000,00 €

CADRO III. Relación de contratos vixentes de suministros e servizos

Concepto orzamentar.	Nº de expediente de contratación	Importe	Obxecto do contrato
20400	017/08	27.973,62	Arrendamento sen opción de compra de 4 vehículos
20600	016/11	3.000,00	Complementario do arrendamento de sistemas de impresión
20600	030/08	89.473,01	Arrendamento sen opción de compra de sistema de impresión
20600	045/10	25.000,00	Complementario do arrendamento do sistema de impresión
	Arrendamento elementos transporte	145.446,63	
Concepto orzamentar.	Nº de expediente de contratación	Importe	Obxecto do contrato
21300	2012CSEA1001	51.310,05	Mantem. actualizac. equipos control e conducción das inst. nos edificios da USC
21300	2012CSEA1003	31.758,27	Mante. e conservac. das instalac. de fontanería e saneam. da USC
21300	2012CSEA1004	100.345,40	Mantem. das instalac. de enerxía eléctrica da USC
21300	2012CSEN1004	89.386,33	Mantem. rede interna de telefonía da USC
21300	2012CSEN1006	32.670,00	Mantem. Estación Bioloxía Mariña da Graña
21300	2012CSEN1007	6.032,78	Inspección obligatoria en aparellos elevadores
21300	2012CSEN1009	16.313,60	Mantem. instalacións especiais edif. Odontoloxía
21300	2012CSEN1010	32.670,00	Mantem. integral da Estación Hidrobiolóxica Encoro do Con
21300	2013CSEA1017	63.888,00	Mant. integral instal.de calefacc. e auga quente sanitaria no Campus de Santiago
21300	2014CSEA1002	10.663,73	Mant. e conserv. inst. de centros de transf., grupos electróxenos, postas a terra e pararrayos Lugo
21300	2014CSEA1003	57.475,00	Mant. preventivo, correctivo e técnico-legal de AQS e inst. frío-calor Campus Lugo
21300	2014CSEA1011	94.456,23	Mantem. integral das inst. de climatizac. e cámaras frigoríficas do Campus de Santiago
21300	2014CSEN1004	56.134,20	Mantem. e conservac. grupos motor-xerador das plantas de coxeración na USC
21300	2014CSEN1005	4.154,54	Mant. e conserv. inst. Forno Crematorio de Subproductos Animais da USC no Campus Lugo
21300	2014CSEN1006	6.727,68	Mant. e conserv. inst. Estación depuradora de Augas Residuais no Campus de Lugo
21300	2014CSEN1007	12.061,53	Mant. e conserv. inst. sistemas alimentación ininterrumpida no Campus de Lugo
21300	601/97	11.119,64	Mantem. sistema anti-roubo e anti-incendio en varios centros da USC
21300	604/08	282.085,68	Mantem. ascensores/montacargas campus Santiago e Lugo (6 meses)
21300	605/97	24.343,56	Inst. e mantem. auga quente sanitaria en varios centros Campus Lugo
21300	611/08	1.025,32	Mantem. preventivo e correctivo de aparatos elevadores da Reitoría
21300	622/97	1.999,65	Mantem. sistemas seguridade na Casa da Concha
21300	626/00	570,44	Mantem. instalación grupo de presión de auga na Fac. Veterinaria
21300	627/00	1.816,99	Mantem. instalac. aire acondicionado na Fac. Veterinaria
21300	638/97	23.692,41	Conexión central de alarmas en varios centros
21300	652/97	56.980,17	Mantem. extintores
	Mantenimento instalacións e maquinaria	1.069.681,19	
Concepto orzamentar.	Nº de expediente de contratación	Importe	Obxecto do contrato
22100	2012CSUA1024	3.142.768,00	Subministración de enerxía eléctrica con mellora de prezos
22100	2012CSUA1025	1.767.425,67	Subministración de gas natural con mellora de prezos mediante subasta electrónica

22100	2014CSUN1010	34.473,00	Subministración de material eléctrico de reposición para a USC
22100	AUGA	434.555,00	Subministración de auga
22100	GASOLEO	1.342.000,00	Retención Gasóleo ano 2014
	Subministracións	6.721.221,67	

Concepto orzamentario	Nº de expediente de contratación	Importe	Obxecto do contrato
22200	CORREOS	62.000,00	Retención anual Correos
22200	TLFUSCF300022200	6.000,00	Retención anual telefonía fixa
22200	TLFUSCF300822200	1.000,00	Retención telefonía fixa
22200	TLFUSCF470022200	500,00	Retención telefonía fixa
22200	TLFUSCM300022200	5.000,00	Retención anual telefonía Móvil
22200	TLFUSCM300822200	1.000,00	Retención telefonía móvil
22200	TLFUSCM470022200	500,00	Retención telefonía móvil
22200	VODAFONE	1.738,33	25.213 menxases calificacións Alumnos. que superaron o maximo gratuito do Expediente 610/11 (gratuito 240000)
	Comunicacións	77.738,33	
Concepto orzamentario	Nº de expediente de contratación	Importe	Obxecto do contrato
22400	2012CSEA1006	105.318,49	Pólizas seguros USC
22400	606/11	25.118,75	Póliza seguro flota vehículos da USC
22400	A027257	7.961,25	Póliza Responsabilidad Civil de Administradores e Directivos
22400	A027259	976,73	Póliza Anual Responsabilidad Civil Medioambiental
22400	A027267	6.420,74	Póliza embarcacións (Planaria, Adamsia e Polybius)
	Seguros	145.795,96	
Concepto orzamentario	Nº de expediente de contratación	Importe	Obxecto do contrato
22500	A027269	8.713,60	IBIU 2014 Concello de Santiago Centros cedidos en uso por el Consorcio
22500	A027820	10.388,22	IBIU 2014 Concello de Lugo
22500	IBI/2014	410.584,60	Retención IBI 2014
	Tributos	429.686,42	
Concepto orzamentario	Nº de expediente de contratación	Importe	Obxecto do contrato
22609	003/11	23.855,32	Tubos para diplomas con logotipo USC
22609	004/09	80.000,00	Expedición dos títulos oficiais dos alumnos da USC
	Expedición de titulos	103.855,32	
Concepto orzamentario	Nº de expediente de contratación	Importe	Obxecto do contrato
22609	CRUE 2014	12.360,00	CUOTA ANUAL USC. 2014
Concepto orzamentario	Nº de expediente de contratación	Importe	Obxecto do contrato
22700	611/11	8.043,70	Asesoramento e apoio para a elaboración de recursos contencioso-administrativos
22700	2012CSEN1017	15.484,12	Apoio técnico á Sección Patrimonio para inmatriculacións bens inmobilés da USC
22700	622/09	8.549,30	Asesoramento Fiscal continuado e Asesoramento Fiscal IVE
	Asesoramientos fiscais e xurídicos	32.077,12	
Concepto orzamentario	Nº de expediente de contratación	Importe	Obxecto do contrato
22700	2012CSEA1002	177.823,22	Servizo prevención alleo para a USC
22700	2013CSUA1007	40.000,00	Arrendam. batas laboratorio con lavado, descontam. mant. e reposición das batas do persoal da USC en

			laboratorios con exposición a axentes biolóxicos
	Prevención riscos laborais	217.823,22	
Concepto orzamentario	Nº de expediente de contratación	Importe	Obxecto do contrato
22700	2014CSEA1004	38.618,00	Retirada, transp. e entrega para o tratam. dos residuos bioperigosos e de xeración frecuente na USC
22700	2014CSEA1005	38.618,45	Retirada, transp. e tratam. residuos perigosos xerados pola USC
Concepto orzamentario	Nº de expediente de contratación	Importe	Obxecto do contrato
22700	603/98	3.128,09	Desratización Institutos Investigación
22700	617/11	6.658,48	Traslado e inicercac. corpos donados a ciencia á Fac. Medicina
22700	624/97	3.464,15	Desratizac. e desinsectación na R.U. Monte Condesa
	Servizos hixiénicos e tratamiento residuos	128.724,52	
Concepto orzamentario	Nº de expediente de contratación	Importe	Obxecto do contrato
22700	2013CSEA1001	84.252,01	Servizo mantem. de zonas verdes e axardinadas do Campus Lugo
22701	2013CSEA1014	4.697.718,36	Servizo de limpeza nos edificios e locais da USC no Campus de Santiago
22701	2013CSEA114A	772.536,84	Servizo de limpeza nos centros de investigación da USC
22701	2013CSEA114B	734.271,12	Servizo de limpeza nos edificios reside
22701	2014CSEA1008	1.148.394,80	Servizo de limpeza no Campus de Lugo
	Limpeza	7.352.921,12	
Concepto orzamentario	Nº de expediente de contratación	Importe	Obxecto do contrato
22702	2014CSEA1009	1.389.557,71	Servizo de vixilancia e protección de bens e establecementos da USC C.Santiago/Lugo
	TOTAL	17.911.141,22	

CONTRATOS AREA TIC

	Nº EXPEDIENTE	PERCEPTOR	BASIMP	IVE	TOTAL	DESCRIPCIÓN
LICENCIAS SOFTWARE	A109403	MICROMEDIA SL	234,52 €	49,25 €	283,77 €	Renovación anual LANSWELPER PREMIUM
LICENCIAS SOFTWARE	A117509	MICROMEDIA SL	89,00 €	18,69 €	107,69 €	Licenza Powershell Server
LICENCIAS SOFTWARE	A117510	DATIO SOFTWARE	2.800,00 €	588,00 €	3.388,00 €	Mantem.soporte tec.firma electrónica tarjeta inteligente universitaria 2014-15
LICENCIAS SOFTWARE	A117513	ALTIA CONSULTORES, S.A.	11.000,00 €	2.310,00 €	13.310,00 €	Contrato mantenemento "PLATAFORMA FLEXIA"
LICENCIAS SOFTWARE	A117523	CICLONIX S.L.	2.500,00 €	525,00 €	3.025,00 €	10 Licenzas ISL Online SaaS anual
LICENCIAS SOFTWARE	A117526	COOPERACION UNIVERSITARIA S.A.	16.617,33 €	3.489,64 €	20.106,97 €	Licenza Oracle para UXI ano 2014
LICENCIAS SOFTWARE	A117529	COREMAIN, S.L.U	8.800,00 €	1.848,00 €	10.648,00 €	Licenzas antivirus KASPERSKY ENDPOINT SECURITE FOR BUSINESS(

						SELECT)
LICENCIAS SOFTWARE	A117531	CIMWORKS	375,00 €	78,75 €	453,75 €	Conversión Licencias Network user Educación Single Educación Lolid Works
LICENCIAS SOFTWARE	A117535	ACUNTIA, S.A.	16.698,27 €	3.506,64 €	20.204,91 €	Licenza Sistema antispm Ironport e mantemento
LICENCIAS SOFTWARE	A131682	MICROMEDIA SL	234,00 €	49,14 €	283,14 €	6 licencias ASG Remote Desktop
LICENCIAS SOFTWARE	A131686	ASPEN TECHNOLOGY INC	1.602,90 €	336,60 €	1.939,50 €	Licenzas ASPEN
LICENCIAS SOFTWARE	A131689	NARTEX SOFTWARE	655,00 €	137,55 €	792,55 €	renovación licenzas Adobe Connect 19/9/14-18/9/15
LICENCIAS SOFTWARE	A131690	THE MATHWORKS, S.L.	8.407,92 €	1.765,66 €	10.173,58 €	Licenza MATLAB 12 meses
LICENCIAS SOFTWARE	A131691	BILBOMICRO INFORMATICA, S.A.	8.057,01 €	1.691,97 €	9.748,98 €	Renovación Licencia Campus Acrobat Pro set2014-2015
LICENCIAS SOFTWARE	A131700	ALKACON SOFTWARE GMBH	500,00 €	105,00 €	605,00 €	Renovación mantemento ALKACON UPDATE 2014
	CAPÍTULO II	TOTAL LICENCIAS SOFTWARE	78.570,95 €	16.499,89 €	95.070,84 €	

CONTRATO AREA TIC	Nº EXPEDIENTE	PERCEPTOR	BASIMP	IVE	TOTAL	DESCRIPCIÓN
MANTEMENTO	2012CS EN1005	GAS NATURAL FENOSA TELECOMUNICIONES	26.700,51 €	5.607,12 €	32.307,63 €	Mantemento rede de fibra USC zona Monumental
MANTEMENTO	2014CS EN1008	ACUNTIA, S.A.	17.356,31 €	3.644,83 €	21.001,14 €	Renov. soporte e mantemento equip."Extreme Networks" rede datosSC
MANTEMENTO	624/11	CIE TECNOLOGIAS, SLU	23.467,20 €	4.928,10 €	28.395,30 €	Mantemento do cableado de comunicacóns da USC
MANTEMENTO	A117528	TELEDAR, C.B.	50,00 €	10,50 €	60,50 €	Instalación do PA wifi na aula 2 de ADE
MANTEMENTO	2013CS EA1007	ACUNTIA, S.A.	106.499,64 €	22.364,92 €	128.864,56€	Operación e mantemento da rede de datos da USC
MANTEMENTO	A027030	SATEC, S.A.	10.831,32 €	2.274,58 €	13.105,90 €	Servizo de Mantemento 24x7 2xFG 1000C e Servidor de IPS
MANTEMENTO	A027031	NEXTIRAONE ESPAÑA	3.160,00 €	663,60 €	3.823,60 €	Soporte técnico e mantemento equipamento rede sen fios ano 214

MANTEMENTO	A07625 4	ENXENDRA TECHNOLOGIES, S.L.	1.500,00 €	315,00 €	1.815,00 €	SAFENET Renovación de soporte por 1 año de luna PCI 3000
MANTEMENTO	A11752 7	QED SYSTEMS	3.030,00 €	636,30 €	3.666,30 €	Mantenimento servidores IBM (1/4/14-4/1/2015)
MANTEMENTO	A11753 3	INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.	7.489,84 €	1.572,87 €	9.062,71 €	Mantenimento sist. backup EMC Networker 2014
MANTEMENTO	A11753 6	WINCOR NIXDOR SL	7.198,08 €	1.511,60 €	8.709,68 €	Mantenimento 8 impresoras actualizadoras de libretas
MANTEMENTO	A11753 7	OSIATIS S.A	6.712,00 €	1.409,52 €	8.121,52 €	Mantenimento multimarca servidores
MANTEMENTO	A11753 8	INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.	2.080,00 €	436,80 €	2.516,80 €	Mantenimento librería Quantum Scalar 1500
	CAPÍTU LO II	TOTAL MANTEMENTO	216.074,90 €	45.375,74 €	261.450,64 €	
asistencia e traballos técnicos	2013CS EA1008	TECNOCOM	108.000,00 €	22.680,00 €	130.680,00 €	Servizo apoio tec. primeiro nivel TIC soporte atención usuarios na USC
asistencia e traballos técnicos	2013CS EN1004	TECNOCOM	18.700,00 €	3.927,00 €	22.627,00 €	Serv. apoio desenv. novas utilidades nas ferramentas xestión investigación
asistencia e traballos técnicos	2013CS EN1005	TECNOCOM	13.316,67 €	2.796,51 €	16.113,18 €	Serv. apoio desenv. modificación mellora da ferramenta E-SICUS
asistencia e traballos técnicos	612/11	COOPERACION UNIVERSITARIA S.A.	67.770,00 €	14.231,70 €	82.001,70 €	Mantenimento Universitas XXI Recursos Humanos da USC
asistencia e traballos técnicos	A10940 8	DELOTTE	2.250,00 €	472,50 €	2.722,50 €	Servicio seguridad gestionada enero 2014
asistencia e traballos técnicos	A11750 4	INFORMATICA EL CORTE INGLES, SA	4.916,23 €	1.032,41 €	5.948,64 €	Soporte e mantenimento SW Arquivo Histórico 2014
asistencia e traballos técnicos	A11751 1	REAL CASA DE LA MONEDA	3.478,09 €	730,40 €	4.208,49 €	Servizo Certificación Electrónica Convenio CRUE-FNMT Anualidade 2014
asistencia e traballos técnicos	A11751 4	CONSORCIO DESENV.APLI.XESTION UNI.	4.000,00 €	- €	4.000,00 €	"Mantenimento Evolutivo XESCAMPUS 2014"
asistencia e traballos técnicos	A11751 5	CONSORCIO DESENV.APLI.XESTION UNI.	21.990,00 €	- €	21.990,00 €	"Soporte XESCAMPUS-CIXUG 2014"

	CAPÍTU LO II	TOTAL ASISTENCIA E TRABALLOS TÉCNICOS	244.420,99 €	45.870,52 €	290.291,51 €	
SUBVENCIONES NOMINATIVAS	A11751 6	CONSORCIO DESENV.APLI.XESTION UNI.	12.000,00 €	- €	12.000,00 €	"Aportación USC á OSL 2014"
SUBVENCIONES NOMINATIVAS	A11751 7	CONSORCIO DESENV.APLI.XESTION UNI.	20.000,00 €	- €	20.000,00 €	Gastos comúns consorcio CIXUG 2014
	CAPÍTU LO IV	SUBVENCIONES NOMINATIVAS	32.000,00 €	- €	32.000,00 €	
EQUIPAMEN-TO	2013CS EA1003	BALIDEA CONSULTING & PROGRAMING, S.L.	13.500,00 €	2.835,00 €	16.335,00 €	Desenvolvemen to dun xestor de formularios
EQUIPAMEN-TO	621/07	COOPERACION UNIVERSITARIA S.A.	3.622,50 €	760,73 €	4.383,23 €	Aplicación Informática Universitas XXI Recursos Humanos
EQUIPAMEN-TO	A02702 2	SOCIEDADE XESTORA DE INTERESES DA USC, UNIXEST	72.053,70 €	- €	72.053,70 €	Encomenda USC-UNIXEST explot.datos soporte usuarios xescampus2014
EQUIPAMEN-TO	A02702 8	UQUI CEBRA S.L.	13.800,00 €	2.898,00 €	16.698,00 €	Elaboración dunha web de oferta e información estudantes estranxeiros
	CAPÍTU LO VI	TOTAL DESENVOLVEMEN TO E APOIO	102.976,20 €	6.493,73 €	109.469,93 €	
			674.043,04 €	114.239,8 €	788.282,92 €	

CADRO IV. Detalle do crédito non afectado de transferencias correntes

CAPÍTULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES	PROPOSTA ORZAMENTO	GASTO COMPROMETIDO	Finalidade comprometida	DECISIÓN DIRECTIVA
Bolsas e subvencións	287.745,00	- €	0,00	287.745,00
BOLSAS ESTUDANTES E CULTURA	63.615,00	- €	- €	63.615,00
Bolsas sostibilidade (PDS)	29.700,00	- €	- €	29.700,00
Proxectos SUR	11.520,00	- €	- €	11.520,00
Bolsas transporte	6.000,00	- €	- €	6.000,00
Bolsas SPIU	8.895,00	- €	- €	8.895,00
Actividades culturais	5.500,00	- €	- €	5.500,00
Olimpiadas Científicas	2.000,00	- €	- €	2.000,00
PRÁCTICAS DE CAMPO	74.130,00	- €	0,00	74.130,00
BOLSAS APOIO EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	20.000,00	- €		20.000,00
BOLSAS E ACCIÓNS DE PROMOCIÓN INTERNACIONAL	90.000,00	- €	- €	90.000,00
ACCIÓNS DE INNOVACIÓN DOCENTE PDI	40.000,00	- €	- €	40.000,00
Transferencias a servizos universitarios	638.990,00	185.000,00	453.990,00	- €
FUNDACIÓN USC-DEPORTIVA	412.540,00	- €	412.540,00	- €
SUBV. EXPLOTACIÓN UNIXEST (CASA EUROPA)	20.000,00	- €	20.000,00	- €
SUBV. EXPLOTACIÓN UNINOVA	21.450,00	- €	21.450,00	- €
FUNDACIÓN ROF-CODINA	185.000,00	185.000,00	- €	- €

Transferencias a servizos interuniversitarios	280.520,00	280.520,00	- €	- €
CONSORCIO PARA APLICACIÓN INFORMÁTICAS	35.000,00	35.000,00	- €	- €
IITMATI	5.420,00	5.420,00	- €	- €
GRUPO COMPOSTELA	8.000,00	8.000,00	- €	- €
CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIV. DE GALICIA	112.100,00	112.100,00	- €	- €
C.I.U.G. PROBAS DE ACCESO	120.000,00	120.000,00	- €	- €
Subvencións a institucións e actividades externas	110.745,00	- €	- €	110.745,00
LUGO CULTURAL	20.000,00	- €	- €	20.000,00
SUBVENCIÓN CONSELLO SOCIAL	78.370,00	- €	- €	78.370,00
PATRONATO ROSALÍA DE CASTRO	625,00	- €	- €	625,00
MUSEO DO POBO GALEGO	1.000,00	- €	- €	1.000,00
PATRONATO CASA DA TROIA	1.000,00	- €	- €	1.000,00
FUNDAC. CENTRO DE ESTUDOS EURORREXIONAIS	9.750,00	- €	- €	9.750,00
TOTAL CAPÍTULO IV	1.318.000,00	465.520,00	453.990,00	398.490,00

IMPORTE DAS "BOLSAS COMEDOR" DO SUR	566.600,00	566.600,00	- €	- €
NOVO TOTAL DO CAPÍTULO IV coa incorporación das Bolsas SUR	1.884.600,00	1.032.120,00	453.990,00	398.490,00

CRÉDITOS PARA ADMINISTRACIÓN CONSELLO SOCIAL				
Subvencións		78.370,00		

CRÉDITOS PARA ADMINISTRACIÓN EQUIPO DIRECCIÓN				
Subvencións		320.120,00		

CADRO V. Crédito non afectado para investimentos

CAPÍTULO VI: INVESTIMENTOS	PROPOSTA ORZAMENTO	GASTO COMPROMETIDO	Finalidade comprometida	DECISIÓN DIRECTIVA
Equipamento, reparacions deportes	17.000,00 €	- €	- €	17.000,00 €
Moblaxe e equipamento Consello Social	10.000,00 €	- €	10.000,00 €	- €
Equipamento docente centros	100.000,00 €	- €	- €	100.000,00 €
Renovación WEB institucional USC	40.000,00 €		- €	40.000,00 €
Moblaxe e equipamento área TIC	394.000,00 €	109.469,93 €	284.530,07 €	- €
Desenvolvemento aplicacións	200.000,00 €	109.469,93 €	90.530,07 €	- €
Renovación hardware	100.000,00 €	- €	100.000,00 €	- €
Melloras de rede	94.000,00 €	- €	94.000,00 €	- €
Infraestruturas de seguridade	88.500,00 €	- €	- €	88.500,00 €
Maquinaria e utilaxe	20.000,00 €	- €	- €	20.000,00 €
Equipamento centralizado	40.000,00 €	- €	- €	40.000,00 €
Accións de investigación. Reparto a departamentos, institutos...	660.000,00 €	- €	460.000,00 €	200.000,00 €
Reparto producción científica a departamentos, institutos e grupos	350.000,00 €	- €	350.000,00 €	- €
Accións de promoción da investigación	100.000,00 €	- €	- €	100.000,00 €
Funcionamento servizos xerais (RIADT)	75.000,00 €	- €	75.000,00 €	- €
Patentes	35.000,00 €	- €	35.000,00 €	- €
Acelerador de transferencia, suscripción SCOPUS, incentivos a grupos	100.000,00 €	- €	- €	100.000,00 €
Obras de Reparación, Ampliación e Mellora (RAM)	1.932.500,00 €	- €	1.932.500,00 €	- €
Total de gastos de investimento	3.302.000,00 €	109.469,93 €	2.687.030,07 €	505.500,00 €

CRÉDITOS PARA ADMINISTRACIÓN EQUIPO DIRECCIÓN
Equipamento centralizado
Maquinaria e utilaxe
TOTAL

CRÉDITOS PARA A ADMINISTRACIÓN DIRECTA EQUIPO DE DIRECCIÓN

CAPÍTULO II		REITOR	SECRETARIA	XERENCIA	COORDINA.	COORD. LUGO	PROFESORA DO	TITULOS	ESTUDANTES	INVESTIGACIÓN	INTERNACION.	CONTROL
Información e divulgación	100.000,00€	- €	- €	- €	90.000,00 €	10.000,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	100.000,00 €
Atencións protocolarias e representativas	30.000,00 €	20.000,00 €	1.000,00 €	- €	4.000,00 €	2.000,00 €	- €	- €	- €	1.000,00 €	2.000,00 €	30.000,00 €
Gastos de locomoción	35.000,00 €	15.000,00 €	- €	10.000,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	10.000,00 €	35.000,00 €
Servizos técnicos (auditorías calidade, outros)	100.000,00 €	- €	5.000,00 €	10.000,00 €	20.000,00 €	10.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	- €	40.000,00 €	100.000,00 €
Ordinario non inventariable	80.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	15.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	80.000,00 €
Libros e publicacións	4.000,00 €	- €	4.000,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	4.000,00 €
Material informático non inventariable	15.000,00 €	- €	- €	- €	15.000,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	15.000,00 €
TOTAL II	364.000,00 €	40.000,00 €	20.000,00 €	30.000,00 €	139.000,0 €	37.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00	15.000,00 €	6.000,00 €	57.000,00 €	364.000,00 €
CAPÍTULO IV												
Subvencións	320.120,00 €	12.375,00 €	- €	- €	20.000,00 €	20.000,00 €	40.000,00 €	74.130,00 €	63.615,00 €	- €	90.000,00 €	320.120,00 €
CAPÍTULO VI												
Equipamento centralizado	40.000,00 €	- €	- €	10.000,00 €	20.000,00 €	- €	- €	- €	10.000,00 €	- €	- €	40.000,00 €
Maquinaria e utilaxe	20.000,00 €	- €	- €	10.000,00 €	- €	10.000,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	20.000,00 €
TOTAL VI	60. 00,00 €	- €	- €	20.000,00 €	20.000,00 €	10.000,00 €	- €	- €	10.000,00 €	- €	- €	60.000,00 €
TOTAL	744.120,00	52.375,00	20.000,00 €	50.000,00 €	179.000,00€	67.000,00 €	50.000,00 €	84.130,00	88.615,00	6.000,00 €	147.000,00 €	744.120,00

ASESORÍA	INFRAESTRUCTURAS	COMUNICACIÓN	NORM. LINGU.	CUARTO CICLO	ESTUDANTES	BIBLIOTECA	Servizo Relac. Exterior.
	PREVENCIÓN RISCOS	OFICINA WEB		CPTF	SUR	RIAIDT	
		ATIC		EDI	CULTURA	ESTACIÓNS	
		CALIDADE		CETA	DEPORTES	MUSEO H NATURAL	
		SERVIMAV		CLM	ODS	OBSERVATORIO	
					Of. IGUALDADE	ARQUIVO HISTÓRICO	
					VOLUNTARIA DO	CEA	
					EMPLEO		

Créditos dos Servizos Capítulo II	12.360,00 €	209.000,00 €	18.323.511,48 €	719.312,99 €	12.000,00 €		245.700,00€	263.000,00 €	2.238.485,71 €	14.000,00 €	22.031.670,18€
Subministros e servizos centralizados			18.128.871,48 €								18.128.871,48€
Centros docentes	900.000,00 €										900.000,00 €
Consello Social	111.629,82 €										111.629,82 €
TOTAL CAPÍTULO II	1.063.989,82€	229.000,00 €	18.353.511,48 €	858.312,99 €	49.000,00 €	10.000,0€	255.700,00 €	278.000,00 €	2.244.485,71 €	71.000,00 €	23.413.000 €

AUTORIZACIÓN DE OPERACIÓNS DE DÉBEDA



RESOLUCIÓN POLA QUE A CONSELLERÍA DE FACENDA AUTORIZA Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA O REFINANCIAMENTO DE CINCO PRÉSTAMOS COAS ENTIDADES ABANCA, BBVA E BANCO SANTANDER.

Con rexistro de entrada nesta Dirección Xeral do 11 de novembro de 2014, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) remitiu escrito solicitando autorización para levar a cabo o refinaciamento das operacións de préstamo que ten vixente con diversas entidades financeiras, de acordo coas seguintes propostas:

ABANCA

Refundir os dous préstamo actualmente vixentes, que teñen un saldo pendente a 1 de xaneiro de 2015 de 7.248.327,13 euros e 3.377.745,39 euros, respectivamente, nunha única operación de préstamos coas seguintes condicións:

- Importe: 10.626.117,52 euros.
- Tipo de Xuro: Variable, referenciado ao Euribor a 3 meses, máis 1,95%.
- Vencemento: 31 de decembro de 2022
- Carencia: 2 anos (2015 e 2016).
- Liquidación de xuros e amortización: Trimestrais.
- Sen comisións.

BANCO SANTANDER

Refundir os dous préstamo actualmente vixentes, que teñen un saldo pendente a 1 de xaneiro de 2015 de 3.392.857,05 euros e 3.423.077,11 euros, respectivamente, nunha única operación de préstamos coas seguintes condicións:

- Importe: 6.815.934,16 euros.
- Tipo de Xuro: Fixo do 2,30%.
- Vencemento: 31 de decembro de 2022
- Carencia: 2 anos (2015 e 2016).
- Liquidación de xuros e amortización: Trimestrais.
- Sen comisións.





BBVA

Refinanciar o capital pendente de amortizar a 1 de xaneiro de 2015 que ascende a 8.461.538,46, de acordo coas seguintes condicións:

- Importe: 8.461.538,46 euros.
- Tipo de Xuro: Variable, referenciado ao Euribor a 3 meses, máis 2,15%.
- Vencemento: 31 de decembro de 2025.
- Carencia: 2 anos (2015 e 2016).
- Liquidación de xuros e amortización: Trimestrais.
- Sen comisións.

Unha vez analizada a documentación remitida pola USC, debemos facer as seguintes consideracións:

1. De acordo co establecido no artigo 40 da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014, a operación comunicada require a autorización da Consellería de Facenda, a través da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.
2. O 30 de setembro de 2014, a USC presentou, perante a Dirección Xeral de Orzamentos desta Consellería, un Plan económico financeiro de reequilibrio, no que se incluía a renegociación da súa débeda bancaria, de xeito que se puidera dispor de dous anos de carencia na amortización dos préstamos (anos 2015 e 2016), coa adopción das medidas de axuste no gasto necesarias para asegurar o equilibrio orzamentario da Universidade nos vindeiros exercicios.
3. A data de hoxe, a USC atopase sectorizada polo grupo de traballo composto pola Intervención Xeral da Administración do Estado, o Instituto Nacional de Estatística e o Banco de España como unha "Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia" e, polo tanto, a súa débeda afecta á posición neta debedora da Comunidade Autónoma. No obstante, a operación para a que se solicita autorización supón o refinaciamento dos préstamos en vigor e, polo tanto, non implicará incremento da débeda neta da Universidade.
4. Tendo en conta a situación dos mercados financeiros, as condicións financeiras comunicadas para o refinaciamento considéranse apropiadas e dentro do marco axeitado para este tipo de operacións.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Política Financeira
e Tesouro

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 154 / Fax: 981 545 156
dxfpolfinanceira@conselleriadefacenda.es

galicia

Por todo o anteriormente exposto, e a vista da proposta de Resolución da Subdirección Xeral de planificación e operacións financeiras, AUTORIZASE á Universidade de Santiago de Compostela o refinaciamento das operacións de préstamo vixentes coas entidades ABANCA, BBVA e BANCOSANTANDER, de acordo coas condicións arriba indicadas.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2014

O director xeral

Manuel Galdo Pérez



Universidade de Santiago de Compostela. Xerencia.
Casa da Balconada, rúa Nova 6

ORZAMENTO 2015

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

INGRESOS		NON AFECTADO	AFFECTADO	TOTAL
CAPÍTULO				
III. Prezos públicos e outros ingresos		24.769.100,00	7.901.000,00	32.670.100,00
IV. Transferencias correntes		131.310.100,00	0,00	131.310.100,00
V. Ingresosa Patrimoniais		120.000,00	0,00	120.000,00
VII. Transferencias de capital		11.738.210,00	23.118.242,00	34.856.452,00
		167.937.410,00	31.019.242,00	198.956.652,00

GASTOS		NON AFECTADO	AFFECTADO	TOTAL
CAPÍTULO				
I. Gastos de persoal		137.673.500,00		137.673.500,00
II. Gastos en bens correntes e servizos		23.413.000,00	1.440.000,00	24.853.000,00
III. Gastos financeiros		861.401,00		861.401,00
IV. Transferencias correntes		1.884.600,00		1.884.600,00
VI: Investimentos reais		3.302.000,00	28.410.950,00	31.712.950,00
IX. Varaición de pasivos financeiros		802.909,00	1.168.292,00	1.971.201,00
		167.937.410,00	31.019.242,00	198.956.652,00

NORMAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

O orzamento do ano 2015 presenta de xeito diferenciado os créditos afectados ao cumprimento dunha actividade específica e aqueles outros destinados ao funcionamento ordinario da universidade, os non afectados

Artigo 1. Os créditos e as súas vinculacións

1. As partidas orzamentarias do orzamento de gastos para o 2015 preséntanse de acordo coas clasificacións orgánica, funcional e económica.

2. A vinculación dos créditos non afectados establecése conforme cos seguintes criterios:

a) Vinculación orgánica:

Os créditos que figuran no orzamento asignados a centros ou unidades orgánicas teñen carácter vinculante e limitativo a nivel de código orgánico.

b) Vinculación económica.

Terán carácter vinculante e limitativo a nivel de capítulo orzamentario:

- Os créditos destinados a gastos de persoal, agás o artigo 15 (gratificacións e produtivididade), que manteñen a vinculación a nivel de artigo.

- Os gastos en bens correntes e servizos.

- Os gastos financeiros.

Terán carácter vinculante a nivel de artigo orzamentario:

- Os investimentos reais.

- Os activos e pasivos financeiros.

Terán carácter vinculante a nivel de concepto as transferencias correntes e as transferencias de capital, coa excepción das subvencións nominativas que terán carácter vinculante co nivel de desagregación co que aparece no orzamento

c) Vinculación funcional:

No exercicio orzamentario 2015 se incorpora a revisión da codificación funcional de xeito que permita diferenciar os gastos non afectados dos gastos afectados para un correcto seguimento da execución orzamentaria.

Finalidade do gasto	grupo de función segundo afectación do gasto	
	afectado	non afectado
Activos financeiros		0
Producción e prestación de servizos de apoio á docencia	1	6
Producción e prestación de servizos de apoio á investigación	7	2
Producción de infraestruturas e servizos a docencia e á investigación	8	3
Asistencia , extensión universitaria e promoción da comunidade universitaria.	4	9
Gastos e pasivos financeiros	-	5

Os créditos con financiamento afectado terán carácter vinculante co nivel de desagregación co que figuren no orzamento.

Limitación cuantitativa

a. Non se poderán adquirir compromisos de gasto por contía superior ao importe do crédito autorizado no estado de gastos e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan esta norma, de acordo co artigo 57 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro .

b. Será causa de apertura dun expediente de información reservada ao director de centro de gasto pola contratación ou encargo a un terceiro dunha prestación con cargo aos orzamentos da USC cando non existe crédito adecuado e suficiente nos orzamentos.

Limitación temporal

- a. As partidas orzamentarias vencelladas a actividades finanziadas permanecerán abertas ata a data de presentación do informe final da actividade.
- b. No caso de actividades cuxa duración excede o exercicio orzamentario, deberá periodificarse o crédito en función da previsión da ejecución do gasto nos exercicios orzamentarios nos que a actividade estea vixente.

- c. Non poderán adquirirse compromisos de gasto que excedan a vixencia da actividade financiada.

Artigo 2. Modificacións de crédito

1. As modificacións de crédito esixirán unha proposta razoada da variación que se efectúe, e deberá valorarse a incidencia que poida ter, de ser o caso, na consecución dos obxectivos fixados no momento da aprobación do orzamento.

2. Non se poden financiar nin total nin parcialmente créditos afectados con créditos non afectados agás para aqueles programas institucionais para os que así o aprobe o Consello de Goberno e Consello Social. Terán a consideración de distribucións de crédito as transferencias que se realizan dende as partidas que teñen a consideración de fondos ás partidas específicas afectadas ao cumprimento da actividade que orixina o financiamento. Serán distribucións de créditos as dotacións que se distribúan a departamentos, teses de doutoramento, concursos provisión de prazas, prácticas de campo, programas de calidade, cursos posgrao, proxectos, contratos e infraestruturas de investigación. As distribucións de crédito serán autorizadas polo reitor.

3. A autorización das modificacións de crédito axustarase ao disposto no artigo 174 dos estatutos da Universidade de Santiago, de acordo coas seguintes particularidades:

- Correspónelle ao Consello Social, por proposta do Consello de Goberno, a aprobación de:

- Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
- As ampliacións de crédito.
- As transferencias de crédito de operacións correntes a operacións de capital e de operacións de capital a correntes de programas de mantemento xerais e programas de investimentos.

- Correspónelle ao reitor a aprobación de:

- As xeracións de crédito.
- A incorporación de remanentes.

4. Poderán xerar crédito nos estados de gastos do orzamento da Universidade, os ingresos liquidados que superen a previsión de ingresos orzamentada, derivados das seguintes operacións:

- Prestacións de servizos.
- Achegas de persoas naturais ou xurídicas para financiar gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos da universidade

5. Para garantir a execución das actividades finanziadas con recursos externos poderase xerar crédito nas partidas 8050 2000 64100 Fondo proxectos de Investigación, 8050 2000 64200 Fondo de contratos e convenios de investigación e a partida 5501 1100 22800 Fondo cursos posgrao propio sen o requisito do apartado anterior.

6. Unha vez definidos os obxectivos a acadar pola aplicación dos créditos que se recollen no capítulo IV, poderán tramitarse transferencias de crédito ao capítulo ou capítulos que resulten máis acaídos polo tipo de gasto a realizar.

Artigo 3. Gastos de persoal

As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que, nesta materia, dispón a Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma Galega.

- a. O límite máximo dos custos de persoal docente e investigador, así como os de administración e servizos, é o establecido na Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma. Os proxectos de disposicións que crean ou modifiquen a estrutura orgánica da universidade ou os cambios das relacións de postos de traballo non derivadas dunha nova estrutura orgánica, incluíndo o seu custo, remitiranse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo coas instrucións que esta fixe para a autorización dos custos pola Comunidade Autónoma.
- b. O persoal contratado con cargo as Axudas dos Programas de Recursos Humanos percibirá en todo caso as retribucións mínimas establecidas nas convocatorias.
- c) Os cadros de persoal incluídos no anexo correspóndense coas prazas orzamentadas e ocupadas o día 1 de xaneiro de 2015
As relación de postos de traballo deberán ser adaptadas aos cadros de persoal orzamentados e polas variacións que se produzan como resultado da aplicación das medidas derivadas do Plan Económico Financeiro de Equilibrio
- d) De acordo co establecido no artigo 28 da Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia, as relacións de postos de traballo poderán modificarse para executar as sentenzas xudiciais firmes de recoñecemento dunha relación laboral de carácter indefinido non fixo que requirian a creación de postos de traballo, por non poder adscribir aos afectados a un posto preexistente que estea vacante sen ocupación. Este posto preexistente deberá ser acorde coa natureza funcional ou laboral en relación coas funcións asignadas pola sentenza xudicial firme para poder adscribir ao mesmo ao persoal afectado.
- e) No orzamento se dota un fondo de 437.625,75 euros que se corresponde co financiamento das prazas de PDI que obedece ao 10% do custe das prazas derivadas de xubilacións forzosas dos anos 2014 e 2015 do PDI funcionario e ao importe total das xubilacións voluntarias dese persoal efectivamente producidas no exercicio 2014
- f) De xeito trimestral darase conta ao Consello de Goberno dos axustes que se vaian producindo no capítulo I de acordo co aprobado no Plan de Equilibrio Orzamentario. Ao finalizar o exercicio 2015 presentaranse para a súa aprobación as RPTs resultantes.
- g) As contratacións de persoal para substitucións de vacantes, baixas por enfermidade ou outras causas serán financiadas con cargo aos créditos dos correspondentes cadros de persoal sempre que exista crédito dispoñible. Para estes efectos a Xerencia ditará as instrucións necesarias para asegurar o control orzamentario na xestión dos créditos correspondentes.
- h) Poderase xerar crédito no capítulo I para gastos de persoal con motivo da prestación de servizos financiados con prezos. Os gastos deste persoal, incluídas as cotas sociais, non poderán superar os ingresos.
- i) A Xerencia determinará os gastos de persoal que deban ser cofinanciados entre distintas partidas do orzamento e emitirá as modificacións de crédito que correspondan.
- j) Terán a consideración de ampliables os créditos para o pagamento dos conceptos de mérito docente, produtividade investigadora, complemento retributivo autonómico, complementos asistenciais SERGAS, complemento asistencial Rof-Codina, trienios, seguridade social
- k) Tamén terá a condición de crédito ampliable financiado mediante as achegas da Comunidade Autónoma, o crédito para a recuperación das extras segundo o que se estableza na Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma ou calquera outra lei que restitúa os complementos detraídos para dar cumprimento a redución de retribucións establecidas nos exercicios 2013 e 2014.
- l) Inclúense no capítulo I os créditos destinados ao financiamento dos planos de formación do Persoal de Administración e Servizos, así como os correspondentes á acción social do persoal.
- m) No ano 2015 non se realizarán aportacións ao plan de pensións.

A Xerencia establecerá o procedemento para o seguimento da execución do Capítulo I.

Artigo 4.- Actividades de I+D+i e tipos de programas

A Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento das actividades de I+D+i executadas con cargo a financiamento afectado e con carácter finalista establecerá dous tipos de programas:

- a) Programas institucionais (en adiante PI)
- b) Actividades, Proxectos e contratos de investigación singularmente considerados (en adiante *Actividades Singulares de I+D+i, -AS-*)

4.1.- Programas Institucionais de I+D+i (PI)

Son programas institucionais de I+D+i (PI) aqueles, que, financiados con cargo a recursos alleos e afectados, respondan a programas consolidados de I+D e/ou teñan unha previsión fechante de dispoñibilidade de recursos prolongados no tempo. Tamén se poderán xerar programas institucionais que respondan a programas de apoio xeral á acción investigadora baixo a mesma característica. Os programas institucionais serán aprobados polo Consello de Goberno, previo informe do Consello Social, e serán definidos e xestionados pla Vicerreitoría de Investigación e Innovación, previo acordo cos grupos departamentos ou institutos aos que se adscribe a actividades que os financian.

Para a aprobación dos programas deberá presentarse

- a) Unha memoria xustificativa
- b) Unha memoria económica
- c) As necesidades de persoal
- d) As condicións de extinción ou reaxuste do programa e do persoal contratado para o mesmo en función dos ingresos realmente obtidos.

A aprobación dun PI implicará unha definición orzamentaria específica con afección de ingresos e imputación de custos.

4.2.- Actividades Singulares de I+D+i (AS)

Cada proxecto, convocatoria ou actividade singular de investigación debe estar aprobada polo órgano competente. No caso de contratos de investigación deberán estar aprobados pola Comisión de Actividades e Servizos de I+D e darase conta ao Consello de Goberno, de conformidade co regulamento para a realización de actividades de investigación ao abeiro do establecido no artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades. Entenderanse como tales as seguintes actividades:

- Actividades ou proxectos con prazo de execución determinado e financiamento específico desenvolvidos no marco de Programas con fins de investigación vía convocatoria pública competitiva.
- Actividades de I+D+i desenvolvidas baixo contrato cunha empresa ou consorcio de empresas asociadas a un proxecto financiado por programas públicos de I+D+i dirixidos a entidades privadas.
- Contratos e convenios asinados con empresas, fundacións, organismos públicos, etc que teñan por obxecto a realización dun proxectos de I+D, o desenvolvemento programado dunha liña de investigación colaborativa (Unidades Mixtas, Plataformas Tecnolóxicas), a realización de Programas de Valorización de Resultados ou a presentación dun servizo de Asistencia Técnica ou asesoramento asociados as capacidades propias de I+D+i.

Cada proxecto ou contrato de investigación singularmente considerado deberá autofinanciarse de xeito completo.

Artigo 5. Créditos de centros, departamentos e institutos

1. Os créditos asignados aos centros docentes terán por finalidade financiar os gastos da docencia, así como tamén aqueles gastos que son necesarios para o seu funcionamento ordinario.
2. Os créditos distribuídos aos departamentos e institutos teñen como primeiro obxectivo atender os gastos asociados ao seu funcionamento ordinario.
3. Non se poderá contratar persoal ou nomear bolseiros con cargo aos créditos dos departamentos e institutos universitarios.

Artigo 6 Créditos ou gastos plurianuais. Xestión e contabilización dos créditos e gastos.

1. De acordo coas instrucións operativas que se diten, os gastos plurianuais que se inicien ou que teñan vixencia no exercicio 2015 e en futuros exercicios esixen a contabilización da anualidade en cadansez exercicio e a necesidade da actualización cando se produza algúna modificación respecto dos datos iniciais
2. En consonancia co anterior, no exercicio corrente faranse as autorizacóns de crédito e os sucesivos axustes dos gastos derivados da contratación de persoal ou nomeamento de bolseiros con cargo a créditos finanziados con achegas específicas, conforme sexa comunicado pola unidade administrativa correspondente.
3. No 2015 actualizaranse as autorizacóns de crédito polo importe dos contratos en vigor de servizos, suministracións ou obras. O importe a consignar será o acordado para o exercicio, no caso de ser un contrato de contía fixa, e o importe estimado de consumo, no caso de contratos de contía variable. Para a revisión de prezos dos contratos deberá enviarse ao Servizo de Xestión Económica a autorización de crédito efectuada segundo o dito anteriormente.
4. A dotación de anualidades ou novas partidas orzamentarias para actividades de I+D+i realizaranse pola Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT), para o que se efectuarán distribucións de crédito desde as partidas xenéricas 8050.2000.64100 (proxectos de investigación) e 8050.2000.64200 (contratos e convenios de investigación). O importe dotado corresponderase coa anualidade indicada na resolución da correspondente subvención e, no caso de prestación de servizos, co importe da facturación prevista para 2015. Para estes efectos a Vicerreitora de Investigación e Innovación ten delegada a sinatura das distribucións de crédito. A comunicación das dotacións orzamentarias que efectúa a OIT aos directores dos centros de gasto e responsables de asuntos económicos é plenamente operativa, sen que sexa precisa a comunicación polo Servizo de Contabilidade e Orzamentos.
5. As dotacións específicas para os cursos de posgrao xestionados polo Centro de Posgrao faranse de xeito similar ao establecido no parágrafo anterior, para o que se distribuirá o crédito ás partidas correspondentes de cada curso desde a partida 5501.1100.22800
6. Non obstante, no caso de que as dotacións a realizar para actividades de I+D+i ou cursos de posgrao superen os importes das referidas partidas efectuaranse as correspondentes xeracións de crédito.

Artigo 7. Imputación de gastos

1. O reitor poderá determinar, por iniciativa do director do centro de gasto correspondente, a imputación a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores, como consecuencia de compromisos adquiridos de conformidade co ordenamento, para os que existise crédito disponible no exercicio de procedencia.
2. A facturación por cargos internos, os documentos de gasto pagados con cargo á conta de anticipos a xustificar correspondentes a exercicios anteriores así como as indemnizacións por razón do servizo pendentes ao cerre do exercicio, imputaranse ao exercicio corrente sen o trámite

establecido no parágrafo anterior ao non existir obriga con terceiros e estar só pendente de contabilización ou tratarse de gastos de persoal.

Artigo 8. Remanentes de crédito.

O necesario axuste da nosa contabilidade e, en consecuencia, a adaptación da execución orzamentaria ás normas de contabilidade nacional e, o necesario axuste do déficit segundo os compromisos adquiridos no Plan Económico Financeiro de Reequilibrio aprobado, esixe un cambio substancial no tratamento dos remanentes a partir do exercicio 2015 que se concreta nas seguintes normas:

1. De acordo co establecido no artigo 59 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, os créditos destinados a atender gastos que no último día do exercicio orzamentario non estean comprometidos para ó cumprimento de obrigas recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito.
2. Non obstante poderán incorporarse ao exercicio os créditos non comprometidos a fin de exercicio e que se correspondan coas seguintes situacións:
 - a. Titulacións de posgrao propias: poderán ser incorporados os créditos sempre e cando a vixencia do curso abrange a máis dun exercicio. O crédito será anulado en todo caso no fin do exercicio económico do ano no que remata o curso.
 - b. Titulacións de posgrao oficiais con financiamento externo doutras entidades públicas ou privadas: igual que no caso anterior poderase incorporar o crédito ao exercicio económico seguinte ou seguintes en función da duración prevista da edición financiada da titulación. O crédito será anulado en todo caso no fin do exercicio económico do ano no que remata o curso.
 - c. As actividades de investigación financiadas ao través de convocatorias competitivas: os remanentes existentes durante a vixencia establecida na concesión serán incorporados. No ano de finalización da actividade no que se presente o informe final, deixará de ter a consideración de remanente incorporable o crédito existente ao fin dese exercicio económico. De ser necesario atender a posibles reintegros e reclamacións, o crédito quedará a disposición da xerencia.

Non procede a incorporación de remanentes nas seguintes actividades:

- a. As que se financian mediante facturación ou autoliquidación como contratos de investigación, prestacións clínicas, prestación de servizos, cesión de espazos e similares.
 - b. Cursos de verán, congresos e reunións científicas.
3. A incorporación dos remanentes de crédito deberá autorizala o reitor, que dará conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social dos expedientes aprobados.
 4. O financiamento de créditos no estado de gastos con cargo ao remanente xenérico de tesourería será aprobado polo reitor, que dará conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social.
 5. Os remanentes incorporados segundo o previsto neste artigo únicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio no que se acorde esta incorporación, coa excepción daqueles que teñen financiamento específico.

Artigo 9. O Fondo de Imprevistos

No exercicio 2015 se habilitará o fondo de imprevistos. Este fondo deberá servir para:

- Cubrir posibles diminucións de financiamento para gastos producidos por diferenzas na aceptación de xustificacións de subvencións
- Asumir custes financeiros derivados de reintegros de cantidades percibidas ou a devolver
- Asumir fallidos nos procesos de cobro de servizos
- Atender circunstancias temporais de insuficiencia de recursos en programas de I+D+i.

A xestión do Fondo de Imprevistos corresponde á xerencia.

Este fondo financiarase con cargo á porcentaxe adicional do 1% de custes indirectos das actividades que o permitan. Poderá tamén dotarse con outras achegas.

Da aplicación da dotación incluída neste fondo darase conta ao Consello de Goberno.

O remanente de crédito ao final de cada exercicio do Fondo de Imprevistos de Execución Orzamentaria non poderá ser obxecto de incorporación ao seguinte exercicio

Artigo 10. Contratación administrativa

10.1. Da adxudicación e formalización dos contratos

10.1.1 Consonte co previsto no artigo 182 dos vixentes Estatutos, o reitor posúe a condición de órgano de contratación da USC e asinará no seu nome os contratos. Esa condición está delegada exclusivamente no xerente, exceptuándose dela:

- A resolución das impugnacións que se presenten contra os procedementos de adxudicación.
- O acto definitivo de revogación ou de resolución dos contratos administrativos, tras o procedemento instruído para o efecto.

10.1.2 De acordo co establecido no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP), os procedementos de adxudicación dos contratos por razón da súa contía son os que se especifican no anexo ás presentes bases.

10.1.3 Poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes correspondentes aos contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público

De se autorizar a tramitación urxente, os prazos legalmente previstos para a licitación e adxudicación dos contratos reduciranse á metade.

10.2. Da contratación irregular

Entenderase por contratación irregular aquela na que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- A extralimitación de competencias por parte dos directores dos centros de gasto distintos do órgano de contratación ou dos responsables de unidades técnicas ou administrativas, consistente na asunción de compromisos contractuais con terceiros, xa sexa verbal ou formalizada documentalmente.
- A modificación, por parte dos anteriores, do obxecto dun contrato en execución, concertando, pola vía de feito, prestacións adicionais non contempladas inicialmente, supoñan ou non un incremento ou unha diminución do custo do contrato ou unha alteración substancial das demais condicións contractuais, sen a debida autorización do órgano de contratación.
- A que prescinda total ou parcialmente do procedemento legalmente establecido de acordo co previsto na norma 1.2 destas bases.
- O fraccionamento do obxecto dun contrato coa finalidade de diminuír a súa contía para eludir os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que legalmente corresponda empregar.

10.3. Validación dos compromisos contractuais e dos custos derivados da contratación irregular

10.3.1 O órgano de contratación, asistido pola Mesa de Contratación da USC, será o único competente para validar, de ser o caso, os procedementos irregulares que puideran derivar na anulabilidade do procedemento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades ás que haxa lugar.

10.3.2 No suposto de que se produza un incremento do gasto previsto nos expedientes de contratación xa adxudicados, non se poderá iniciar a execución de calquera modificación contractual ou a tramitación dun contrato complementario sen a previa autorización do órgano de contratación.

10.4. Órgano de asistencia. A Mesa de contratación da USC. Funcións.

10.4.1 Nos procedementos abertos e restrinxidos e nos procedementos negociados con publicidade, o órgano de contratación da USC estará asistido pola Mesa de contratación, coa composición que se establece no artigo 183.1 dos vixentes Estatutos.

10.4.2 A Mesa de contratación é o órgano de carácter permanente, competente para a valoración das ofertas, con atribución de funcións para elevar ao órgano de contratación a proposta de adxudicación de todos os contratos que licite a USC polos procedementos especificados no apartado anterior.

10.4.3 A Mesa de contratación da USC será o órgano competente para autorizar a aplicación do procedemento negociado sen publicidade en todos aqueles contratos de importes superiores aos establecidos no TRLCSP para a utilización deste procedemento, apreciando a existencia ou inexistencia das causas legalmente previstas.

Para esta autorización será precisa a previa solicitude en informe razoado da dirección do centro de gasto ou do responsable do contrato.

10.4.4 Para a válida constitución da Mesa será suficiente a asistencia de catro dos seus membros, sempre que estean presentes o Presidente/a ou quen faga as veces e o secretario/a ou quen faga as veces.

10.4.5 Ás reunións da Mesa de contratación poderán concorrer todas aquelas persoas que, a xuízo da presidencia, resulten necesarias para asesorar á Mesa en función da natureza dos asuntos a tratar. Todas elas actuarán con voz pero sen voto.

10.5. Do servizo responsable da xestión da contratación administrativa.

10.5.1 O Servizo de Xestión Económica da xerencia (SXE) é a unidade administrativa responsable da xestión da contratación na USC, para o que procederá pór no seu coñecemento todos aqueles gastos para os que sexa preciso tramitar un expediente de contratación, coa antelación suficiente que permita respectar os prazos legalmente establecidos para a preparación, licitación e adxudicación dos contratos.

10.5.2 Respecto dos contratos menores, o SXE só intervirá naqueles nos que sexa preciso asinar un contrato, ben sexa por razóns de legalidade, de requisitos técnicos ou de mera oportunidade.

10.5.3 En particular, corresponderalle ao SXE:

- a) A impulsión e tramitación de todos os expedientes de contratación e o asesoramento xeral en materia contractual.

- b) A supervisión previa dos informes que teñan que ser validados pola Mesa de contratación.

10.6. Dos responsables dos contratos.

10.6.1 Na USC terán a condición de responsables dos contratos os directores dos centros de gasto e/ou os responsables das unidades técnicas ou administrativas, que propoñan a súa licitación.

10.6.2 Correspondrán aos responsables dos contratos as seguintes funcións en relación cos expedientes de contratación que promovan:

- a) Tramitar a correspondente proposta de gasto que deberá estar asinada polo Responsable dos Asuntos Económicos do centro xestor correspondente, a través do sistema informático que se habilite para o efecto.
- b) Confeccionar o anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

No caso de que o contrato teña algún tipo de financiamento externo á USC, deberá indicarse neste anexo, así como as datas límite de xustificación e os requisitos de publicidade ou de calquera outro tipo que sexan requiridos polo ente financiador.

- c) Elaborar o prego de prescripcións técnicas.
- d) Supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada. Nos contratos de obras, estas facultades entenderán sen prexuízo das que legalmente lle correspondan ao Director Facultativo da obra.
- e) Asinar a/s factura/s correspondente/s unha vez recibidas de conformidade, todas ou parte das obras, subministracións ou servizos contratados.
- f) Asinar a acta de recepción, unha vez comprobado que a obra, subministración ou servizo contratado está rematada definitiva e correctamente.
Os responsables de asuntos económicos, logo de rexistrar a recepción da factura na aplicación eSICUS, serán os encargados de enviala/s ao SXE, xunto coa acta de recepción e o correspondente ADOP.
- g) Pór en coñecemento do SXE calquera incidencia que se produza durante o período de garantía do contrato.

10.6.3 Sen os documentos previos aos que se refiren as letras a), b) e c) da norma anterior, o SXE non procederá a iniciar o correspondente expediente de contratación.

10.7. Da supervisión dos proxectos de obras.

10.7.1 A función de supervisión dos proxectos de obras que vaia executar a USC será exercida pola Oficina de Supervisión de Proxectos (OSP) que será a encargada de vixiar o cumprimento das normas técnicas reguladoras da materia e do control dos aspectos económicos e de comprobación aritmética deles.

10.7.2 A OSP estará constituída inicialmente pola Dirección da Área de Infraestruturas e polo/a funcionario/a responsable da unidade administrativa encargada do control interno, sen prexuízo do apoio técnico que sexa preciso para o normal desenvolvemento das súas funcións.

10.8. Control de terceiros

10.8.1 Será esixible a xustificación documental do cumprimento dos requisitos de solvencia económico financeira e técnica ou profesional tanto aos empresarios individuais como ás empresas que superen un volume anual de facturación de 18.000 euros, IVE excluído, coas que se contraten habitualmente obras, servizos ou subministracións por importes individualizados inferiores aos establecidos para os contratos menores no TRLCSP, por calquera dos medios que nel se prevén.

10.8.2 Así mesmo, ditos empresarios deberán achegar a documentación xustificativa da súa personalidade xurídica e da súa capacidade de obrar e, de ser o caso, dos poderes necesarios para contratar, así como unha declaración relativa ao cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar incursos en ningunha das prohibicións de contratar previstas no artigo 60 do TRLCSP.

10.8.3 Cando se trate de empresarios que exerzan actividades de prestación de servizos, deberán achegar ademais a xustificación documental de ter subscrita e en vigor unha póliza de responsabilidade civil por riscos profesionais e, de ser o caso, aquelloutra documentación que xustifique estar en posesión das licencias ou autorizacións oficiais que sexan preceptivas para operar no sector de actividade de que se trate, e que veña esixida polas normas específicas que o regulen.

10.8.4 O incumprimento por parte destes empresarios do requerimiento que se lles efectúe por parte dos servizos competentes da USC, da xustificación das obrigas establecidas nos parágrafos anteriores, poderá dar lugar á apertura dun expediente contraditorio que, de ser o caso, poderá concluír coa elevación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e/ou do Estado, dunha proposta de incursión en prohibición de contratar, cos efectos previstos no TRLCSP.

10.9. Abstención e recusación

As autoridades e o persoal ao servizo da USC que interveñan nos procedementos de contratación deberán absterse ou poderán ser recusados nos casos e na forma previstos nos artigos 28 y 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

10.10. Responsabilidades das autoridades e do persoal ao servizo da USC en materia de contratación.

